

ACTA Nº 10/2017 DA SESIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE XULLO DE 2017 DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE 2017/9.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG- CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG- CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG- CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG- CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES. (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSE CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA ACCIDENTAL: D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

Ausentes:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG- CCTT).

ÍNDICE

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 26/05/2017, 29/05/2017 E 30/06/2017.....	3
2. EXPEDIENTE 3522/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.....	4
3. EXPEDIENTE 3236/2017. IFS 2/2017 MELLORA PISTAS EN MACEIRA, LOSÓN, CHARES, PALIO E PORCALLOS.....	9
4. EXPEDIENTE 3407/2017. EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 7-P.....	10
5. EXPEDIENTE 3447/2017. PROPOSTA PARA O ESTABLECIMENTO PREZO PÚBLICO ROMARÍA DOS MAIORES.....	13
6. EXPEDIENTE 3439/2017. EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº10-2017.....	14
7. EXPEDIENTE 3214/2017. BONIFICACIÓN TAXAS LIXO 3º TRIMESTRE 2017.....	16
8. EXPEDIENTE 3523/2017. COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE PARA EXPLICAR TODO O RELATIVO AO EXPEDIENTE E XUÍZO SOBRE A TITULARIDADE DO CAMIÑO DE VILASOA...	16
9. EXPEDIENTE 3436/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á CONSECUCIÓN DE FINANCIAMENTO PARA AS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS DIRIXIDO Á ELABORACIÓN DE PLANS DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) EN CIDADES E VILAS GALEGAS..	26
10. EXPEDIENTE 3456/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA A INSTALACIÓN DUNHA ESCALEIRA DE EMERXENCIAS NO COLEXIO VICENTE ARIAS DE LA MAZA DE VILATUXE.....	29
11. EXPEDIENTE 3414/2017. MOCIÓN DO PP PARA QUE O GOBERNO CURSE AS ORDES OPORTUNAS PARA QUE O EQUIPO ECONÓMICO COMECE A ELABORAR OS ORZAMENTOS DE 2018 E POIDA TELOS PREPARADOS, POLA VÍA QUE SEXA POSIBLE, ANTES DE QUE REMATE O ANO.....	30
12. EXPEDIENTE 3454/2017. MOCIÓN DO PP PARA A CONSECUCIÓN, POR PARTE DO CONCELLO, DOS TERREOS NECESARIOS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DA ROMEA E AMPLIACIÓN DO MESMO.....	37
13. EXPEDIENTE 3412/2017. MOCIÓN DO PP PARA GARANTIR AOS PENSIONISTAS DE VENEZUELA RESIDENTES EN GALICIA O COBRO DAS PENSIÓNS QUE LLE CORRESPONDAN.....	44
14. EXPEDIENTE URXENCIA Nº 3565/2017 RENUNCIA DE Dª KATIA PROCINO TOIMIL AO CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE LALÍN.....	47
15. MOCIÓN DE URXENCIA. A CARENCIA DE SINALIZACIÓN DO CORPIÑO.....	48
16. MOCIÓN DE URXENCIA: TELÉFONO MÓBIL.....	52
17. ROGOS E PREGUNTAS.....	59

Sendo as **nove horas do venres, día 28 de xullo de 2017**, xuntáronse no salón de Plenos de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, os expedientes puxéronse na súa disposición e cumpríronse toda sas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*

Actúa como Interventora accidental, *D^a. M^a Carmen Méijome Álvarez*.

Non asiste *D^a. Katia Margaret Procino Toimil*.

De orde do Sr. Presidente, e segundo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación do asunto que conforma a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 26/05/2017, 29/05/2017 E 30/06/2017.

O Sr. Secretario: O primeiro punto desta convocatoria da sesión ordinaria do Pleno de hoxe, día 28 de xullo de 2017 as 9:00 horas venres, e a aprobación, se procede das actas das sesións anteriores (sesión ordinaria do día 26 de maio, día 29 de maio, sesión extraordinaria e do día 30 de xullo sesión ordinaria).

Houbo as seguintes intervencións:

Desde o grupo do PP. **D. Xosé Crespo Iglesias:** As dúas últimas actas non están colgadas; non están no paquete noso. Está a do 26, pero as do 29 e 30 non están.

O Sr. Secretario: Si que están colgadas. Non sei que pasou, pero si estaban colgadas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós, non a temos

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Temos que deixar a administración electrónica.

D. Nicolás González Casares: Tedes acceso a xestiona?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Co sistema electrónico só temos problemas.

O Sr. Secretario: Si están colgadas dende o luns.

D. Nicolás González Casares: En xestiona ou na sede electrónica?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Propóñolles o seguinte: vamos a ver o seguinte tema e estas actas que non están colgadas evidentemente as deixamos para a próxima sesión. E aprobamos ou non a que si teñen acceso.

D. Xosé Crespo Iglesias: De acordo. Nós temos acceso á primeira, pero porque o sistema non nos deixa ter acceso o resto?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non o sei.

Tras a deliberación, e por unanimidade dos asistentes acordouse aprobar a acta da sesión ordinaria do día 26 de maio de 2017, deixando sobre a mesa os borradores das actas das sesións do día 29 de maio de 2017 e 30 de xuño de 2017.

2. EXPEDIENTE 3522/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.

Dáse conta polo Sr Alcalde da relacións de decretos que ditou dende a data da anterior sesión plenaria ata a data da convocatoria desta sesión plenaria que foi este luns día 24 de xuño de 2017.

O Concello Pleno quedou enterado.

3. EXPEDIENTE 3236/2017. IFS 2/2017 MELLORA PISTAS EN MACEIRA, LOSÓN, CHARES, PALIO E PORCALLOS.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de xullo de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estas son o resto de pista que acordamos co PP, e que irían na seguinte tandada e que se unen ás que xa están acordadas co PP de zavorra. Creo que se está executando o acordo neste sentido. Xa comuniquéi directamente ao portavoz do Partido Popular que ían ir estas pistas.

Desde o grupo do PP. **D. Xosé Crespo Iglesias:** Nós, dende que se inclúen as pistas, que o ano pasado se pactaran entre o Concelleiro de obras, o Sr. Medela e máis Antonio Rodríguez e José Antonio, estamos de acordo.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por UNANIMIDADE dos asistentes, dos que catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a proposta e o expediente, adoptándose o seguinte acordo:**

Aprobada a lei de orzamentos xerais do estado para o 2017 na que se acorda prorrogar para o 2017 as normas contidas na DA sexta da LO 2/2012, procedeuse a incoar o expediente de inversión financeiramente sostible co obxectivo de determinar a utilización do supéravit do peche do exercicio 2016 nunha inversión que cumpra coas premisas da Lei orgánica de Estabilidade Orzamentaria e sostibilidade Financeira (arts 32 e DA 6) así como a D.A 16ª do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

En concreto neste expediente trátase de poder realizar a obra denominada “Mellora pistas en Maceira, Losón, Chares, Palio e Porcallos”.

Á vista da documentación que se achega, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- Declarar que a obra “Mellora pistas en Maceira, Losón, Chares, Palio e Porcallos”, é unha inversión financeiramente sostible.

2.- Una vez instruído o expediente 3236/2017 sobre declaración de investimento financeiramente sostible e entre en vigor o expediente 3407/2017 de crédito extraordinario e suplemento de crédito, procédase a tramitar o oportuno expediente de contratación da Inversión Sostible que se pretende executar con cargo ao superávit orzamentario.

4. EXPEDIENTE 3407/2017. EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 7-P.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de xullo de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D^a. Teresa Varela Fisteus: Trátase de incoar este expediente de crédito para financiar con cargo remanente líquido de tesourería procedente do ano 2016 a partida orzamentaria que permita executar as pistas declaradas de inversión financeiramente sostible por importe de 259.521,7€. Por outro lado, tal e como nos obriga a lei, amortizar a débeda en 1.450.537,11€ que van destinados a un préstamo de Bankia e foi concertado para comprar o Lalín Arena e é o máis alto que temos e o que máis custe lle está dando ás arcas municipais. Ten un interese de euribor máis 4,25 puntos. Por iso se vai adicar a amortizar esa débeda.

Polo PP **D. José Antonio Rodríguez Fernández:** Coa primeira parte do expediente, estamos de acordo. Gustaríame facer unha serie de matización en base a comunicados de prensa que o Goberno fai no tema de amortización de débeda. A amortización do crédito queda saldado con ese 1.450.537,11€?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, aínda, non.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: É que se bota en falta cando falan da amortización de débeda na prensa. Vostedes arriman as ascuas a súa sardiña, cando din que a amortización de débeda deste Concello son decisións de vostedes e froito das súas xestións. O que se ve claro é que vostedes están amortizando a débeda en función do que está previsto segundo a lei de estabilidade orzamentaria.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é exactamente así. Pero bueno.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Eu pídolle que me deixe falar. Ao mellor estou equivocado.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Na amortización da débeda vostedes van amortizar ese 1.400.000 que é obrigatorio. Sr. Alcalde: iso non o deciden vostedes, senón que está recollido na lei de estabilidade financeira, porque é obrigatorio.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se queres establecemos un debate económico.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Non. Eu o que boto de menos é que para poder dicir que vostedes amortizan máis do que sería legal, pois ao mellor hai que facer unha amortización extraordinaria. Se é o préstamo máis custoso para o Concello de Lalín, o Concello

ten fuelle económico suficiente para poder liquidalo e desa maneira.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Para a túa tranquilidade.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Eu estou tranquilo, pero só levo tres minutos falando.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dígolle en termos políticos.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Vostedes o único que están facendo é o que esixe a lei. E xa lle digo que vamos a votar a favor.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu dígolle que responde evidentemente a remanentes, etc., a unha xestión económica para logo poder facer eses cálculos que evidentemente obriga a lei, pero que veñen... O minuendo e substraendo si que dependen das políticas deste goberno para dar ese cálculo final. Segundo, en termos políticos pode estar vostede bastante tranquilo, porque todo apunta a que o final deste mandato a débeda será moi próxima a cero, cuestión que eu non entendo moito que nas aplicacións teña que ter débeda cero.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non lle queda outra.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é certo. Sabedes unha pregunta do Pleno no que eu non estaba presente: se sabia que era a débeda latente? Cando queirades temos un debate económico. Eu non teño ningún problema. Eu vexo outros concellos próximos, cos que teño unha boa relación, como por exemplo A Estrada, no que a débeda sube. O outro día vin vídeos do Presidente *Feijoo* botándolle en cara a *Patxi Vázquez* a débeda que lle deixaron. Quero dicir que aquí se xogamos, xogamos todos. Eu dígolle que repase os conceptos de minuendo e substraendo cos temas de remanentes e de amortización. Non lle quero faltar ó respecto. Neste momento tamén, que temos un excelente servizo de Intervención e servizos económicos nesta casa, son posibles eses datos, pero tamén por decisións políticas e xa lle digo para a tranquilidade de todos lalinenses que a débeda tenderá a cero: Chegaron a estar en 12, 10, 5, 4...

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Sería unha amortización extraordinaria. Iso, dispoño na lei.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nós temos outra opinión. Podemos estar un ano enteiro discutindo. O que si lle digo é que de extraordinaria a amortización, sería absurdo. Dende un punto de vista económico podemos destinar eses cartos a outras cuestións cando temos claro que no ano 2019, para a tranquilidade de todos os que estamos nesta sala, o seguinte goberno vai a entrar no Concello cunha débeda moi próxima a cero. Iso está bastante ben porque abre moitas posibilidades. Tamén teño a esperanza que o *Sr. Montoro* cambie as súas políticas e polo que sei, moitos de vostedes tamén. Tamén que os concellos que estamos saneados poidamos investir os cartos públicos nos veciños. Eu, insisto, dende o punto de vista ideolóxico non creo na débeda cero nos concellos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Os concellos que estamos saneados, sempre estivemos saneados.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bueno, eu teño outra opinión potencialmente. É unha cuestión opinable.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que ten razón; pero sempre estivemos saneados. Ou nós non estabamos saneados?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu teño as miñas dúbidas. Lémbrolle a *Feijoo* dicíndolle a *Patxi* que están arrastrando débedas que nos deixaron. A política é así tamén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Claro.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que está bastante claro o tema. Se queredes dicir algo máis?. Juan queres dicir algo sobre a amortización da débeda?. Pareceche ben?.

Por UNANIMIDADE dos asistentes (20), dos que catro (4) son concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE.**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 7-P/2017, a financiar con Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2016, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a seguinte finalidade:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a realización das obras Mellora de pistas en Maceira, Losón, Chares, Palio e Porcallos, segundo a Memoria realizada polo Enxeñeiro técnico de Obras Públicas municipal José Varela Calvo previa declaración da mesma como Inversión financeiramente sostible. Así como de amortizar débeda polo supéravit do exercicio 2016 necesario para non incorrer en inestabilidade no exercicio 2017 e que non se destina a inversión financeiramente sostible, 1.450.537,11, en cumprimento do artigo 32 da LOESF, esa cantidade iría para o préstamo do BANKIA 2013 por ser o préstamo máis custoso para as arcas municipais.

Á vista da documentación que se achega, o Pleno **adoptou o seguinte acordo:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, condicionado a previa declaración da obra que financia como investimento financeiramente sostible, e nun Suplemento de crédito financiado mediante superávit do exercicio 2016, e remanente líquido da tesourería do 2016, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota o Crédito Extraordinario

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
153.1.619.54	Acceso a núcleos de poboación Mellora de pistas en Maceira, Losón, Chares, Palio e Porcallos	259.521,07€
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		259.521,07 €

2.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
011.913.00	Débeda Pública Amortización préstamos a L/P de entes de fóra do sector público	1.450.537,11

TOTAL ALTAS DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1.450.537,11

3.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2016, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5. EXPEDIENTE 3447/2017. PROPOSTA PARA O ESTABLECIMENTO PREZO PÚBLICO ROMARÍA DOS MAIORES.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de xullo de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D^a. Teresa Varela Fisteus: A ordenanza reguladora do prezo público para a realización de actividades culturais, de impartición de cursos, seminarios, viaxes, e outras actividades de carácter deportivo e socioculturais organizadas polo Concello, obríganos a establecer un prezo público para esta actividade que se desenrola dende o Concello. Como se ven cobrando dende hai moitos anos, trátase de establecer un prezo público en 10€ para a Romaría dos maiores; si ben é certo, que o prezo público ten que ir destinado para cubrir toda actividade que se desenrola neste caso por ser unha actividade de carácter social de interese xeral.

Pódese establecer un prezo público por debaixo do custe total da actividade, sempre que cando a partida orzamentaria estea dotada de crédito polo que falta por financiar. A partida orzamentaria ten ese crédito. Trátase de aprobar en Pleno o prezo público por persoa de 10€ para poder asistir a esta comida.

Polo PP **D^a. Paz Pérez Asorey:** Estamos de acordo

Por UNANIMIDADE dos asistentes (20 edís), dos que catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE** a proposta e adoptouse o seguinte acordo:

A Romaría dos Maiores é un dos eventos máis arraigados que se celebran no Concello de Lalín. Dende o seu comezo, no ano 1992, vén reunindo un gran número de asistentes, chegando incluso a superar nalgunha ocasión as mil persoas. No inicio, esta festividade tiña lugar na carballeira de Barcia, pero co paso dos anos a súa concepción foise cambiando, de aí que nos últimos tempos se a súa celebración se trasladara á Carballeira das Casianas (anos 2013 e 2014) e, dende o 2015, teña lugar nun sitio diferente. Prado e A Goleta foron as dúas parroquias nas que se celebraron a XXIII e XXIV edición desta Romaría, mentres que este ano 2017 será O Corpiño quen acolla a XXV edición.

A Romaría dos Maiores é un festexo que ten como finalidade non só que os máis maiores do Concello de Lalín confraternicen e pasen unha xornada de lecer senón que, ademais, este evento inclúe un acto de homenaxe ás persoas de máis idade do noso Concello, a aquelas que estiveron na emigración e tamén aos matrimonios que leven máis anos de casados.

Este festexo consiste na organización dun xantar pero, ademais, para amenizar a xornada, haberá tamén dous concertos a cargo dunha banda de música e mais dun dúo ou orquestra, que tocará despois da sobremesa. É este unha festividade de grande importancia para o noso Concello, non só por ser un acto de homenaxe aos nosos maiores senón porque, ademais, é unha proposta que xa se converteu en tradición no noso Concello.

Tendo en conta o informe económico que acompaña a esta proposta, **o Pleno do Concello de Lalín ACORDOU:**

- Establecer o prezo público de 10 € para a Romaría dos Maiores.

6. EXPEDIENTE 3439/2017. EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº10-2017.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de xullo de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D^a. Teresa Varela Fisteus: Trátase de imputar a este orzamento corrente unha factura de reparación de caldeira do Xesús Golmar do ano pasado. Esta factura ten data de 16 outubro de 2016, pero non chegou ao rexistro deste Concello ata principios deste mes. Trátase de facer un recoñecemento extrajudicial para poder pagala con cargo o orzamento deste ano.

D. Xosé Crespo Iglesias: A factura non ten maior problema. Trátase dunha factura de 201€. Non deixa de ser unha factura pequena. Eu quero chamar a atención que unha empresa polo que se ve aquí, fai unha reparación en outubro. Imaxinamos coa autorización de alguén, e logo, ninguén se preocupa desa factura. Parece un fallo normal, pero na documentación que vostede presenta vese unha incapacidade xestora polo transcurso dos prazos. A concelleira delegada reclamou algunha vez esta factura ou xa a tiña esquecida?. Curiosamente, na documentación que nos entregaron tiña pegado un poss it (polo menos quitade os poss it cando fagades as fotocopias) e di: ver facturas 22/12/2016, chamar. Polo que vexo, non chamaron, nin fixeron caso ao poss it.

Como pode ser que unha factura veña tanto tempo despois? A factura que nos den ten un poss it que pon: ver factura 22/12/2016, 30/06/2017. A semana que vén, chamar.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Pon o 30/06/2017 chamar. Eu non podo responder por Lara, que está aí. Se vai co poss it, moito que ocultar non hai.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que queda en evidencia é que o 22/12/2016 tiña que reclamarse esta factura e non se reclamou.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Pero quen cree que puxo o poss it na factura?, Eu?. Serán o servizos económicos os que se ocupan das facturas. Me parece absurdo que formen un debate por culpa dunha factura de 200€, que chegue de repente agora e que non nos demos conta, porque os servizos económicos son os que se ocupan delas. Agora, no medio do Pleno fan un debate.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede bota a culpa aos servizos económicos, non? Vostede sabe como funcionan os servizos económicos desta casa?

D^a. Lara Rodríguez Peña: Algo si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu creo que non ten moita idea.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Pois explíquemo vostede; ilústreme!.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que é certo é que é unha factura que queda aí, transpapelada por culpa súa.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Por culpa miña. Si, si, está claro.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que me din, é que a letra do poss it é de alguén de servizos económicos.

D. Xosé Crespo Iglesias: E polo menos quiten o poss it das facturas que nós veñen a nós, polo menos. Nós obviamente, estamos de acordo en que se pague a factura. E vamos a votar a favor. Pero é o detalle da xestión.

Sometida a proposta a votación ordinaria, mediante os sistema de man alzada, **por UNANIMIDADE dos asistentes (20)** edís, dos que catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos.

Xa que logo, **APROBOUSE** a proposta e adoptouse o seguinte acordo:

A fin de poder atender o gasto realizado durante o exercicio 2016, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU** o recoñecemento extraxudicial de créditos e aprobación do gasto, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria, segundo a relación individualizada das facturas que se detalla no ANEXO I, unido ao este expediente, por importe de **201,68 €**, de acordo co artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 abril e a Base 15 das Bases de Execución do Presuposto para o exercicio de 2016 prorrogado para o 2017. Ambos establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria.

Trátase dunha factura correspondente a gastos realizados durante o ano 2016 que non foi posible aprobar con cargo ó correspondente exercicio, por non ter sido presentada no seu momento para a súa imputación ó presuposto do exercicio correspondente por importe de 201,68€.

DESCRIPCIÓN	NIF	RAZÓN SOCIAL	NÚM. FAC.	DATA FAC.	IMPORTE
Reparación caldeira C. Xesús Golmar. Sustitución Electrodo.	A15208408	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	FVR201618015	17102016	201,68€

7. EXPEDIENTE 3214/2017. BONIFICACIÓN TAXAS LIXO 3º TRIMESTRE 2017.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 7 de xullo de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de xullo de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D^a. Teresa Varela Fisteus: A ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo da recollida de lixo e residuos urbanos no seu artigo 5 recolle as taxas aplicar en caso de familia con escasos recursos, familias numerosas ou que sexan beneficiarios do Risga. Tráense oito expedientes de oito persoas que cumpren con isto; por iso se lle procede aplicar este artigo 5 se sae aprobado no Pleno.

Polo PP. **D^a. Paz Pérez Asorey:** Estamos de acordo.

Por UNANIMIDADE dos asistentes (20) edís, dos que catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE** a proposta e adoptouse o seguinte acordo:

O Concello de Lalín, en virtude da Lei 39/1988, reguladoras das Facendas Locais, modificado pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Local das Taxas Estatais e Locais, establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, sendo suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria.

No artigo 5 da Ordenanza, de acordo coa modificación da mesma publicada no boletín oficial da provincia de 17 de decembro de 2013, establécense as tarifas da taxa en relación a vivenda, distinguindo entre familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social. Unha vez achegada a documentación, que xustifique a pertenza a cada un dos colectivos, producirá efectos a partir do trimestre seguinte ao da súa presentación. Así mesmo todos os colectivos deberán de presentar antes da finalización do primeiro trimestre a documentación acreditativa das situación que da lugar á aplicación da tarifa.

Xa que logo, **ACORDOUSE:**

Aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos de acordo cos informes técnicos que se achegan coa presente.

8. EXPEDIENTE 3523/2017. COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE PARA EXPLICAR TODO O RELATIVO AO EXPEDIENTE E XUIZO SOBRE A TITULARIDADE DO CAMIÑO DE VILASOA.

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de xullo de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

Polo PP **D. Antonio Rodríguez Rodríguez:** Non ten nada que explicar antes?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non. Se che parece contesto ás vosas preguntas e imos falando.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez Rodríguez: En primeiro lugar manifestar a nosa queixa

dado que un mes antes solicitamos para ver a documentación, o 18 deste mes.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Para quen é a queixa?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Iso, pregúntome eu. Pregúntome se é culpa do Sr. Secretario ou do Sr. Alcalde.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois vostede estaba diante cando foi a protestar alí, cando se llo dixeron. Se agora quere facer un paripé é outra cousa.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Non se trata dun paripé.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Un pouco si, porque sabes a resposta.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Ata o 24 non se nos facilitou a documentación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Verdade que estaba eu cando foi a Secretaría a protestar? O dixéronche como era o tema? Sabes que o Sr. Alcalde non foi.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Sí. Si a nós se nos pon o día 18 para ver a documentación e ata o 24 non se nos da. Loxicamente, alguén será o culpable.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu estou de acordo. Pero como ti sabes, o Sr. Secretario díxoches que non tiña tempo material, porque estaba agobiado de traballo e ti díxécheslle diante de min: pois que lle poñan máis xente. Evidentemente, quedou claro que non era por unha orde política.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: En todo caso, non será culpa nosa. Se se nos da un día para ver a documentación (día 18) e ata o 24 non se nos entrega?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estaste atribuíndo unha potencial culpa que eu nunca dixen. Evidentemente ti sabes que é por saturación de Secretaría. Na acta do Pleno tomarase nota da protesta.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Estaba vostede ao tanto das decisións que se estaban tomando ou da postura de non loitar por un camiño de titularidade municipal?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Superficialmente si. Tiven dúas reunións coa señora e contoume o tema. Agora, si me di si me impliquei directamente no tema... Entenderá que no meu despacho pasan centos de persoas e creo que corresponden a outros departamentos da casa. Pero si a pregunta é: Si estaba enterado. Superficialmente si, sen revisar documentación.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Por que fixeron caso omiso os requirimentos que lle fixo a familia?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que non fixemos caso omiso. Os servizos da casa estiveron traballando nesa cuestión. Falei co avogado defensor do Concello, tramitáronse expedientes. Hai expedientes dunha cuarta. Polo que teño entendido, non se deixou de lado.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Aí a camisa non a veu?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non sei que me dis. Perdón.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Vostede dixera nas redes sociais que me coñecera pola camisa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu?. Eu creo que non lle dixen iso. Pero

si, é certo que as súas camisas son recoñecibles e quédanlle ben, por certo. Dito isto, hai un expediente traballado. Polo que teño entendido non se deixou de lado este tema.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Decía o goberno hai unha semana, cando saltou aos medios esta sentenza que vostede tiña dúbidas sobre a titularidade dese camiño. Sigue mantendo esa titularidade no camiño?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Teño dúbidas porque eu reuníame cos veciños e outra vez despois da sentenza, e manifestaron moitos veciños que estaban en desacordo con esa sentenza (uns a favor e outros en contra). A min o que non me gusta é o enfrontamento con eses veciños e dende que hai una sentenza xudicial a ese respecto creo que xa dimos orde abrir o camiño que é o que ten que facer o Concello e agora se me pregunta a min. Non teño ningunha dúbida da titularidade do camiño que é público, porque o di unha sentenza xudicial do cal me alegro, porque todo o que sexa público moito mellor.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Vostede coñece os informes dos técnicos municipais?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Coñecinos con posterioridade á sentenza.

Antonio Rodríguez Rodríguez: Déixeme rematar a pregunta, por favor,

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdoe. Non sabia que non rematara.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Un encargado nos últimos días do goberno anterior e outro xa encargado por vostede. Coñece ese informes?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Agora con posterioridade si. Pero eu neste tipo de casos sempre tendo a utilizar o principio da navalla de Ockam, entón quedo moito máis tranquilo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Supoñemos que alguén coñecería eses informes, non?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non o sei. Se a pregunta é tan dispersa “supoñemos que teño que responderlle como diría Mariano Rajoy na Audiencia Nacional: non me consta.

Antonio Rodríguez Rodríguez: Xa que non lle consta, voulle ler un par de frases que dicía o informe técnico existente: probas sobradas da existencia do camiño, o denunciado dispuxo un motón de terra e arou o camiño, ningunha documentación aportada pon en dúbida a titularidade pública do camiño. Lembra tamén o informe os traballos de conservación. Cree que este informe é suficientemente claro para ter tomada a decisión de recuperar o camiño e a restitución do patrimonio municipal?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Insisto en dúas cousas: primeiro, eu empezo a mirar estes informes a raíz da sentenza e de que teño que comparecer. Eu nunca vira eses informes. Eu teño que recoñecer unha cousa, por exemplo a señora que se dirixira ó Concello dicindo que: “Ante a pasividade demostrada polo Concello que vostede preside e do que é vostede o máximo representante, pero tamén o seu máximo responsable, denuncio a mora no cumprimento das súas obrigacións”. A vostede que lle parece esta frase que lle acabo de dicir?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: O que?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Volvo repetir. Me gustan recoñecer as cousas. “Ante a pasividade demostrada polo Concello que vostede preside e do que é vostede o máximo representante, pero tamén o seu máximo responsable, denuncio a mora no cumprimento das súas obrigacións”; é o que di a señora.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Non querrá dicir este informe de maio do 2015?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, estou falando doutra cousa. Se ten a ben dicirme que lle parece.

José Antonio Rodríguez Fernández: Pero quen está comparecendo é vostede, Sr. Alcalde.

D. Nicolás González Casares: Pero vostede é xuíz?.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Eu son membro dun...

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se vostede o ten a ben. Se non, dinme que non e xa está. Que lle parece esa expresión?

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Estoulle dicindo que o 4 de maio de 2015 mandeille un escrito.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Voulle acabar de contestar a cuestión. Ante a pasividade demostrada polo Concello que vostede preside e do que vostede é o seu máximo representante, pero tamén o seu máximo responsable, denuncio a mora do cumprimento das súas obrigacións". Esta expresión é dunha petición do 18 de setembro do 2014, un ano antes; eran vostedes goberno. Un ano antes xa lle estaban reclamando. Hai mais datas. Hai outra máis adiante na que se lle pediron os informes e a acta plenaria deste tema e vostedes pasaron; hai outra data máis do Alcalde Xosé Cuíña pedindo a apertura deste camiño público. Trinta e pico anos despois, que nos veñan vostedes reclamando esta cuestión é alucinante!. Evidentemente, nós temos a obriga como goberno, pero vostedes durante un ano non fixeron absolutamente nada e nos veñen a nós pedindo contas e a comparecencia do Alcalde que sei de boa tinta que saben incluso por servizos xurídicos que eu non me metín neste tema, pero contesto encantado. Pero teñen un morro.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Morro si que ten vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: En setembro do 2014. Os papeis é o que din: que esta petición é do 18 de setembro do 2014, máis dun ano de entrar nós no goberno. E firmas de veciños para abrir o camiño e do alcalde Xosé Cuíña, e vostede non o fixeron durante vinte e seis anos de goberno.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Pero como pode dicir iso se o camiño estaba aberto ó público?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entendo moi ben o xogo político. Vostede sabe por servizos xurídicos que eu non me metín neste expediente nin para ben nin para mal. Por certo, a señora que veu denunciar ó Concello me dixo que era boa amiga da miña familia. O señor que perdeu o xuízo xa estivo quitando as patacas ou algo así. Eu non o coñezo nin fisicamente. Cuestións que tiñan que ter resoltas vostedes fai tempo, que veñan aquí como unha especie de tribunal a botarme en cara a min que non se fixo, é cando menos curioso!.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Ao que denunciaron foi ao Concello de Lalín, sendo vostede Alcalde.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Isto é certo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: A nós nunca nos denunciou esa señora.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É curioso. Non lle parece curioso que en trinta anos non lle denunciara e chegamos nós e denuncián?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Pero se ese camiño estaba aberto ao público. Pero que di?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estou lendo. A propia señora que se dirixe ó anterior Alcalde “pedíndolle que o camiño se asfalte novamente e que quede habilitado e que se lle pase acta do Pleno”. Isto é do 17 de xuño do 2014. Leo máis: hai outra do 18 de setembro de 2014 na que fala da famosa pasividade demostrada polo Concello e fai responsable ao Sr. Alcalde. A min resúltame curioso que diga: e como non nos denunciaron en vinte e seis anos? É unha moi boa pregunta, sen dúbida. Vostede tamén sabe que o asesor xurídico (Salvador) fixo un informe bastante ambiguo. Tamén sei que o avogado da parte contraria ten relación con Salvador porque é o seu irmá e entendo que non quixeran entrar en conflito de intereses. Hai moitas cousas moi curiosas que en vinte e seis anos non se denuncie nada e nun ano a este Concello se lle denuncie.

Antonio Rodríguez Rodríguez: O que estamos falando aquí é da vosa actuación, non da nosa. Dende o ano 1985 ata o ano 2014 ese camiño estivo aberto ao público.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é certo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Como non é certo?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que me din a min é que non é certo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Como non e certo?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non pasei por alí para comprobalo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu si. Ese camiño estaba aberto. Non sei que papeis ten aí.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: No 2014 foi cando o señor cerrou o camiño. Nós iniciamos un expediente para a recuperación do camiño.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cando se empezou? En maio do 2015?

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Pedíuse un informe o técnico municipal.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Antonio vamos a ver. Eu creo que por unha cuestión de respecto aos cidadáns. Eu o que estou dicindo como Alcalde é que a xustiza deulle a razón á señora e que se está aplicando o que dixo o xuíz. En Bendoiro aínda estiven hai un par de días e segue habendo enfrontamento veciñal por esta cuestión e como sabe hai anos houbo recollida de firmas nun sentido e noutro, xente que dicía que era camiño público e xente que dicía que non era camiño público, e isto é un conflito entre veciños; pero o que vostede pretenden é meterme a min en algo que sabe que eu non me metín.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Nós o que lle pedimos como Alcalde é que defenda os intereses públicos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por suposto. Estoulle dicindo que ten toda a razón e que por iso unha vez que hai sentenza se da orde que se cumpra. Pero tamén o que lle digo é que vostedes non poden dedicarse a sementar a cizaña entre veciños, porque saben que en Bendoiro é un tema no que hai xente que está a favor e outros en contra, e creo que a política está para mediar e para que non haxa problemas entre veciños.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: No tema da cizaña, vostede é o máis experto.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: En iso teríamos un debate ata que volva de vacacións.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Coñece o comunicado firmado por min e dirixido aos afectados?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, coñezoo.

Antonio Rodríguez Rodríguez: Pois entón non diga que non fixemos nada.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É moi curioso que o fagan en campaña electoral. É lexítimo. Despois de tantos anos que veña na campaña electoral un escrito.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Sempre buscando o tema da campaña electoral.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É constancia. É coñecido polo pobo de Lalín que vostedes en campaña electoral se poñen ao marxe da xestión pública. Eu estiven no PP e sei como funcionan as cousas. Non lle estás falando a un neonato.

D. Xosé Crespo Iglesias: Déixame intervir por alusións. A parábola da cizaña, Un señor sementou con trigo nun campo. Perfecto, pero sabe unha cousa?. Vostede sabe que é a cizaña?. Que é a cizaña en Galicia?. A cizaña non se sementa, está mal traducido.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero eu refírome ao conto de Astérix e Obélix.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós non sementamos ningunha cizaña nese tema. Ese camiño foi polémico sempre. Nos cadrou en plena campaña electoral o informe. Desde que se pechpu o camiño hai un expediente normal e cadrou en campaña electoral. Despois cando deixamos o expediente enriba da mesa, o propietario ofendido foi cando presentou a denuncia. Non nós queiran botar a culpa que non temos. Se alguén sementou a cizaña, nós non fomos. Mira quen foi.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fun eu?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede encubriuno.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sabe de primeira man que eu non me metín nese asunto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se lle pedín a Antonio facer este tema é porque eu non sei nada. Eu sei que había un problema e punto. Antonio sabíao, porque era o concelleiro.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podemos estar así toda a mañá, pero sabedes de primeira man que eu non sei nada. Pero eu comparezo encantado.

D. Xosé Crespo Iglesias: Deixa de escorrer tanto bulto.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É a verdade.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostedes botan a culpa a outros sempre. Sabe de papeis de hai anos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Alégrome da sentenza e sabe que hai papeis de hai anos de firmas de veciños que din que levaba 20 anos sen uso ese camiño. É un tema de enfrontamento veciñal. Entón eu creo que os políticos para o que temos que estar precisamente é para intentar solucionar os problemas que hai entre unhas partes e outras e non para andar dividindo. Se temos que estar defendendo a veciños porque é politicamente máis afín co nós, comigo que non contén para iso. Eu non estou dicindo que vostedes o fagan.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: As firmas do que vostedes falan son do 2015.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero sendo eu Alcalde?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Si.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que non. Celia son firmas sendo eu Alcalde?.

D^a. Celia Alonso Caramés: Foron anteriores á campaña electoral.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Anterior a campaña electoral.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: E como pode dicir iso, Celia?. Pode mentir así tan descaradamente?.

D^a. Celia Alonso Caramés: Foron dúas tandas de papeis.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Pode mentir así tan descaradamente?.

D^a. Celia Alonso Caramés: Algúns papeis estaban mal feitos.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: As firmas foi a raíz do escrito que se mandou desde o Concello o 4 de maio.

D^a. Celia Alonso Caramés: Esas dúas tandas se xuntaron.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Imos seguir. Por se non estaba claro, voulle ler as conclusións de asesoría xurídica que vostedes encargaron máis dun ano antes de que se producira o xuízo e que desatenderon e desoíron: declarar de uso público o camiño, ordenar o exercicio das accións necesarias para a defensa e protección da propiedade pública do camiño. A asesoría xurídica díxolle o 28 de abril do 201, un ano antes do xuízo, que vostede ordenara o exercicio das accións para a defensa da posesión pública do camiño.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Dillo o informe xurídico. Por que desestimaron estes dous informes que deixan clarísimo o proceder do goberno?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non me ocupei deste tema e alégrome de que a lei lle dera a razón a quen parece que a ten.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Vostedes só defenderon os intereses dun particular.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por que ía a defender os intereses dun particular?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Si.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que lóxica tería defender os intereses dun particular, cando a este particular nin o coñezo? E a outra parte din que coñece á miña familia; é unha cousa curiosa. O que está claro é que esta señora levaba moito tempo pedíndolle ó goberno que o fixeran. Eu non son parvo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Está claro que estaba defendendo ao particular. Como se pode desatender dous informes tan claros?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Insisto: sabe de sobra que eu non me metín neste tema e, aparte, sei que lles consta.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Que interese tiña en que ese camiño seguira sendo de titularidade privada e non pública?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Debido a miña amizade con este señor, tiña moito interese. Estou utilizando a retranca.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Veciños de Bendoiro cóntanos que o goberno non quería recuperar este camiño, porque había intereses particulares e de persoas afíns para que quedara a cousa como estaba e que o camiño seguira en mans privadas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A min iso non me consta. Dende logo non teño ningún tipo de interese.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Algún membro do goberno tiña algún interese?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo que a min non me consta. Ao Alcalde seguro que non; pero ao resto do goberno non me consta.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Vostede veu a recollida de firmas sobre a titularidade do camiño?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se a vin? Vin que no expediente había sinaturas. Non me puxen a ver as sinaturas.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Chamoulle atención algún nome? E ademais repetido?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non me puxen ver as firmas, de quen eran; non me meto a ver quen está de acordo ou non.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Sen embargo saíu na prensa dicindo que había corenta e pico firmas?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Claro o total. Pero dixen algún nome? Sei o número total de firmas pero non os nomes das persoas.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Non veu a *Celia Alonso* no papel?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Celia* di que si está, pero eu non vin se estaba ou non.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: O que dixo vostede das corenta e pico firmas que había. Sabe que dezasete ou dezaioito están repetidas?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está seguro dese dato?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Estoulle dando o dato; e se o estou dando é porque é certo.

D^a. Celia Alonso Caramés: Si.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como non vin os nomes, non sei se están repetidos ou non.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Antes de dar ese dato, terá que cercionarse que non están repetidas?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A verdade: non me cerciorei. Non vin os nomes. Para a próxima, fareino, porque ao mellor facíase noutras épocas.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Ti sempre falando doutras épocas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O PP nunca fala do bipartito; vostedes sempre ven cara adiante.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Para escorrer o vulto, botarlle a culpa ó resto.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A quen?.

D. Xosé Crespo Iglesias: A Celia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: En absoluto.

D^a. Celia Alonso Caramés: Non se escoita.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu permanezo en silencio en moitas cousas e voume cansar un día.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Como valora vostede que a concelleira asinase en dúas ocasións pedindo que o camiño fose de titularidade pública?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Valoro que é unha decisión, opinión lexítima, parte dos seus dereitos fundamentais como calquera cidadán.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Xa se veu a razón que tiña. A cantas Xuntas de Goberno chegou este expediente?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non o sei. Non sei se viñera.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: E logo os escritos e informes que lle remiten non os tramita?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entendo que si, pero eu non levo todos os informes; que ti si pero eu non.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: O fallo da sentenza di textualmente que vostedes adoptaron unha postura de inactividade administrativa, que non é conforme a dereito e obrígalle a que cumpra a súa obrigaón de adoptar cantos acordos sexan precisos para a recuperación do uso público do camiño. Non se poñen algo colorados ao escoitar esta sentenza?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que colorado tes máis tendencia ti. Diso isto, eu respecto a sentenza e procedo dende a miña responsabilidade ó seu cumprimento. Insisto que cando o dereito actúa e tómase unha decisión, eu como Alcalde, me guste máis ou menos esa decisión, que nesta caso dábame igual, alégrome de que se cumpra a legalidade.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Debe defender os intereses de todos e non dun titular. Está comprobado que alguén do Goberno non defendeu os intereses de todos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso dino vostede, porque todo é opinable e en dereito, non digamos.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Que firme unha concelleira?.

D^a. Celia Alonso Caramés: Voulle explicar porque aparece a miña firma nese papel. O señor afectado cando me veu pedir a firma traía un documento onde poñía o título de propiedade

e aparecía isto firmado polo Alcalde, Secretario e un técnico municipal no ano 2003. Eu teño a costume de que, cando hai papeis, ás veces caen as barbas. No 2003 segundo este veciño, cando comprou a casa pediu un plano onde non aparecía ningún camiño e para conformar pediu no Concello un plano onde di que se rexistrou no catastro o plano. A min o veciño me ven con isto firmado por un alcalde e cun certificado de *César López Arribas* e a min váleme. Entón eu díxenlle que non tiña problema en firmar. Non pensei que ía ir nunha lista nin ser concelleira, aínda que non fora na lista. Preséntame este papel eu firmo igual.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: As firmas do 2015. Non me veña dicindo que firmou antes da lista.

O Secretario: En relación co escrito de Celia, trátase dun escrito firmado por min, o alcalde e o técnico municipal. No ano 2003 veu un particular cun técnico e foron a un departamento de obras e o técnico fixo un informe no que facía constancia de que non existía camiño.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É o mesmo técnico que fixo logo o outro?.

O Secretario: Non o sei. Xa non me acordo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Parece que si.

O Secretario: O interesado veu co seu técnico e o noso técnico fixo o informe; posiblemente rectifiqueino eu e o alcalde. Posteriormente a execución da sentenza fíxose cando veu a documentación.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Ese camiño leva dende 1985.

O Secretario: Estoulle dicindo o que eu recordo desde escrito do ano 2003.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vai seguir preguntando?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Os das firmas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu díxenlle que non era Alcalde.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Como cualificaría a actitude do goberno?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como califico a actitude do goberno que dirixo?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Si, caciquil, sectaria...?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Comparado con quen?. Sabe que D. *Manuel* dicía: comparando con quen?. Insisto neste tipo de cuestións aplico a navalla de Ockam.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Vanlle pedir desculpas á familia que tivo que denunciar ó Concello?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non tería ningún tipo de problemas en pedir desculpas.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Vendo que foi a denunciante quen defendeu a titularidade do camiño, e unha vez que a sentenza é firme: quen vai asumir a responsabilidade se esta familia opta por esixir o abono dos gastos que lle orixinaron?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que esa contía posible podería ser asumida polo Concello. Esta poder ser de 500€ e a vosa fora de 40.000€. Está o de

Penacoba.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Cando vai proceder á recuperación do camiño?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa está en trámite. Me dicían onte os membros do goberno que eliminaron tubérculos.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Van proceder dotar dunha capa de asfaltado ou vaillo dicir ao codemandado?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: No seguinte pack de pistas.

D. Miguel Medela: É unha senda peonil; para bicicletas.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Medela ten que ler a sentenza di que son 2,80 metros de ancho. Ten arranxar un carril máis estreito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podemos quedar en asfaltalo na próxima modificación de créditos. Se só cabe unha bicicleta, acondicionámolo para unha futura etapa do Tour de España.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Hai bicicletas de 2,80 m.?.

José Antonio Rodríguez Fernández: Non se escoita.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A retranca é unha sinal de intelixencia. Estou convencido ao mellor era o mellor defensor do tema. Neste tema eu non me metín entón respondo retrancadamente.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Vostede é o responsable do Concello.

Con estas verbas deuse por rematada a comparecencia.

9. EXPEDIENTE 3436/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á CONSECUCIÓN DE FINANCIAMENTO PARA AS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS DIRIXIDO Á ELABORACIÓN DE PLANS DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) EN CIDADES E VILAS GALEGAS.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 19 de xullo de 2017 co número de rexistro de entrada RPLN-13. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 24 de xullo de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

Dende o grupo de goberno, **D. Nicolás González Casares:**

Eu creo que esta é unha moción sen moita discusión, pero creo que é importante para o Concello de Lalín.

Resulta que, como nós foi adxudicado o DUSI, dende a Unión Europea estanse facendo moitos esforzos pola mobilidade sostible urbana. Como temos a obriga, nestes anos para a execución do DUSI temos que cumprir cos indicadores que nos manda a Unión Europea de redacción dun Plan Municipal de Mobilidade Sostible, que non pode ser pagado cos fondos do DUSI, senón que ten que ser pagado con outros fondos.

Entendemos que somos moitos os concellos de Galicia que necesitamos estes plans, tanto aqueles Concellos beneficiados polo DUSI, coma aqueles que non foron beneficiados.

Entendemos que é preciso poñernos a traballar entre diferentes concellos e Administracións para atopar sendas de financiamento destes plans de mobilidade urbana sostible.

Puxémonos en contacto coa FEGAMP; falei co seu Presidente e díxenlle que ía levar esta moción. Tamén díxenllo a outros Concellos que están igual ca nós. Creo que é unha boa forma de poñernos de acordo co resto de Deputacións e Xunta de Galicia.

Eu entendo que un Plan de Mobilidade Urbana Sostible para o Concello de Lalín, cos presupostos que fun pedindo está entre os 30.00 € e 50.000 €. Primeiro hai que facer un estudo de mobilidade; logo: sometelo a información pública.

A Unión Europea nos vindeiros anos vai seguir esta senda. É algo que anuncia continuamente.

A posibilidade de acceder a diferentes fondos tamén vai estar marcada pola existencia ou non de estes plans. Ademais, piden que os Concellos non se beneficien dos Fondos Europeos de entrada, senón que busquen financiamento nos fondos propios ou noutras administracións das que lle sexan próximas.

Por tanto, neste caso o que pretendemos é elevar esta petición á Deputación, á Xunta de Galicia e á FEGAMP para que poidan negociar unha liña de financiamento que pode ser mixta ou a través de convenios, para que se fagan estes Plans de redacción ou se liciten a través do Convenio ou contrato de redacción para diferentes concellos de Galicia.

Do PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández:**

Nós, estamos de acordo en calquera mellora que logo vaia a repercutir nos veciños.

Polo que nos comenta, esta iniciativa lévana a cabo outros concellos. Naceu no Concello de Lalín e, vostedes a remitiron? ou a vostedes xa llela remitiron?.

D. Nicolás González Casares:

Eu sei as necesidades que temos. Sei que temos que redactar este Plan. A redacción é totalmente miña. Logo, falei con Alfredo (Presidente da FEGAMP) e fíxenlle a consulta seguinte: Isto podería estar ben porque imos ser moitos os que licitemos. Díxome: Dálle adiante coa moción. A idea é transmitirla a outros Concellos, e hai outros Concellos, cos que falei, que están interesados.

D. José Antonio Rodríguez Fernández:

É un proceso un pouco estraño: que vostede anunciara obras para Lalín xa dentro do Plan DUSI antes do Plan de Mobilidade Urbana. Parece que as obras que vostedes anunciaron vanse ter que adaptar ao Plan. Se se establece un cronograma lóxico de actuacións, o Plan de Mobilidade Urbana, tiña que ser o primeiro paso; o seguinte paso serían as obras.

D. Nicolás González Casares:

Explícolle: Cando ti fas a estratexia no verán de 2015, hai que facer a estratexia sen ter o Plan. O requisito que pon Europa é que na execución do Plan vaia redactado iso.

Entendo o que dis, José Antonio. A min, tamén paréceme un pouco incoherente por parte da Unión Europea.

D. José Antonio Rodríguez Fernández:

É imperativo?.

D. Nicolás González Casares:

Pretendíamos que non.

D. José Antonio Rodríguez Fernández:

Vese que se terán en conta ao facelo?

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por UNANIMIDADE dos asistentes, vinte concelleiros (20), catro (4) son concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos,

aprobouse a moción, adoptándose o seguinte:

Os Plans de Mobilidade Urbana Sostible (en adiante PMUS) son un conxunto de actuacións que teñen como obxectivo a implantación de xeitos de desprazamento máis sostibles (camiñar, bicicleta e transporte público) dentro dunha cidade; é dicir, de modos de transporte que fagan compatibles crecemento económico, cohesión social e defensa do medio ambiente, garantindo, deste xeito, unha mellor calidade de vida para os cidadáns.

A elaboración dun PMUS precisa unha metodoloxía de participación e concienciación social, información e educación por parte das autoridades locais, análise detallada da situación inicial e das propostas, implantación progresiva das medidas con avaliación de resultados, e realizacións piloto, educativas e promocionais.

As cidades e vilas a día de hoxe están poñendo en marcha accións de mobilidade urbana sostible, pero moitas veces non están encadradas en estratexias globais ou de cidade e son realizadas máis como acción parciais, na dirección das orientacións de crecemento sostible pero sen unha cohesión entre todas elas.

O Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) da UE para o período 2014-2020 describe a estratexia para a contribución á aplicación da estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sostible e integrador e ao logro da cohesión económica, social e territorial. O POCS contempla entre as súas liñas mestras a realización de accións que contribúan a unha mobilidade sostible e mobilizaranse fondos europeos con tal fin en todo o período ata o 2020.

Como é sabido o Concello de Lalín foi beneficiario dos Fondos Europeos FEDER denominados DUSI, cun financiamento externo de 5 millóns de euros. Ese financiamento tamén implica unha serie de obxectivos e compromisos co emprego dos fondos FEDER dos que prové a UE as entidades locais beneficiarias dos mesmos. Un dos obxectivos a cumprir na execución dos fondos DUSI é que todas as cidades beneficiarias elaboren PMUS, pero non permite o uso dos propios fondos DUSI para a redacción participativa dos mesmos.

Lalín, coa estratexia LALIN SSUMA 21, acadou os Fondos DUSI en 1ª convocatoria xunto con outras vilas e cidades como Ribeira, A Estrada, Santiago, Lugo, Pontevedra, Marín, Culleredo, Redondela, Vilagarcía, Ponteareas ou Vigo e en 2ª convocatoria sumáronse A Coruña, Ferrol, Arteixo e Ames. Polo tanto son xa numerosas as vilas e cidades galegas que percibirán estes fondos e que están obrigadas a redacción dun PMUS. Grandes cidades como Vigo ou Coruña xa teñen elaborado un PMUS pero outras de menor entidade non dispoñen do mesmo.

Á vista de que elaborar un PMUS é custoso de xeito individual para cada vila e cidade, desde o Concello de Lalín optamos pola busca de sinerxias e a colaboración entre administracións e organismos públicos, pois a elaboración de PMUS en tantos concellos non so redundará en beneficio dos mesmos, senón que practicamente determina unha ampla estratexia de Mobilidade Urbana Sostible Galega que complementará en grande medida plans que se están levando a cabo por outras administracións.

En vista do anteriormente exposto o Pleno da Corporación adoptou o seguinte **ACORDO**:

Instar á FEGAMP, á Xunta e as Deputacións das catro provincias galegas (nomeadamente á Deputación de Pontevedra no caso do Concello de Lalín) a establecer un marco de colaboración para o co-financiamento de Plans de Mobilidade Urbana Sostible nas vilas e cidades galegas de máis de 20.000 habitantes.

10. EXPEDIENTE 3456/2017.MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA A INSTALACIÓN DUNHA ESCALEIRA DE EMERXENCIAS NO COLEXIO VICENTE ARIAS DE LA MAZA DE VILATUXE.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 19 de xullo de 2017 co número de rexistro de entrada RPLN-14. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 24 de xullo de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

Polo goberno municipal, **D^a. Lara Rodríguez Peña:**

Pouco máis que dicir do que vostedes poden ler no documento. Dende a Concellería de Educación dun concello, como poder ser este ou calquera, as competencias da Concellería son unicamente a conservación e o mantemento dos Centros. Neste caso, o colexio de Vilatuxe non dispón de escaleiras de emerxencia, o cal é unha competencia que lle corresponde á Xunta de Galicia.

Traemos esta moción para instar á Xunta a que leve a cabo a acción de poñer as escaleiras de emerxencia. Gustárame destacar que dende o propio centro, a Directora falou coa Consellería para que puxeran as escaleiras. O Plan de Evacuación deste centro é do ano 1972. A Consellería a maioría das veces alega que nese ano estaba ben; pero agora non o está.

Houbo un incendio hai dúas semanas na sala de profesores por culpa dun corto circuío e aí viron a necesidade de contar cunhas escaleiras de emerxencia.

O edil non adscrito, **D. Juan José Cruz García** non intervén.

No turno de intervencións: **D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente:**

Ao concelleiro non adscrito: Entón cambiamos a orde?.

A min dáme igual empezar por eles. Como sempre dis: a ver que di o PP.

O lóxico é que logo fales ti; paréceche?. E ao PP?.

Sr. Secretario:

O regulamento non di iso.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente:

Vale. Pido desculpas.

Dende o PP, **D^a Raquel Lorenzo Fernández:** Dende o PP de Lalín tamén solicitamos esta infraestrutura. Parécenos curioso que con todas as reunións que se mantiveron co Concelleiro de Educación non se houbera feito esta petición antes e que partira do Centro co Conselleiro.

Fanse, outra vez, as cousas ao revés: En vez de intentar dialogar e de conseguir as cousas por unha conduta normal, que sexa a partir dunha moción pola que se chega a este acordo.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por MAIORÍA dos asistentes tres (3) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP, un (1) concelleiro do grupo de non adscritos e coa abstención de D^a. Teresa Varela Fisteus (CxG- CCTT) por non estar presente, aprobouse a moción, adoptándose o seguinte acordo:

A comunidade educativa do C.E.I.P. Vicente Arias de la Maza, emprazado na parroquia de Vilatuxe, vén solicitando dende hai tempo a instalación dunha escaleira de emerxencias que dea servizo ao inmovible. Esta petición foi trasladada ao Concello en diferentes ocasións, aínda que non é a administración que ten as competencias para darlle resposta. Tanto a directiva do colexio como a Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) consideran que esta dotación permitiría mellorar a seguridade do edificio e dos seus usuarios e facilitar de maneira notable a evacuación da segunda planta en caso de incendio, onde se localizan as clases de terceiro a sexto de

educación primaria.

O lume que se orixinou o pasado luns, 17 de xullo, na sala de profesores -malia que afortunadamente non ocasionou máis que danos materiais nunha estancia grazas á rápida actuación do GES e dos Bombeiros- reflicte a necesidade e urxencia de que se acometa canto antes esta actuación de cara a incrementar a seguridade tanto do alumnado como do persoal do centro.

Tendo en conta que a construción desta escaleira constitúe unha reforma estrutural e de seguridade, e polo tanto competencia da Xunta de Galicia, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que proceda a activar os trámites administrativos necesarios para dotar canto antes ao CEIP Vicente Arias de la Maza, de Vilatuxe, dunha escaleira de emerxencias que permita incrementar a seguridade dos usuarios do edificio, tal e como solicita de maneira unánime a súa comunidade educativa.

11. EXPEDIENTE 3414/2017. MOCIÓN DO PP PARA QUE O GOBERNO CURSE AS ORDES OPORTUNAS PARA QUE O EQUIPO ECONÓMICO COMECE A ELABORAR OS ORZAMENTOS DE 2018 E POIDA TELOS PREPARADOS, POLA VÍA QUE SEXA POSIBLE, ANTES DE QUE REMATE O ANO.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 17 de xullo de 2017 co número de rexistro de entrada 5331. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de xullo de 2017.**

D^a. Teresa Varela Fisteus (CxG- CCTT) reincorporase ao Pleno.

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Xosé Crespo Iglesias: Esta moción, que podería ser perfectamente un rogo, traémola como moción, porque o rogo sempre queda relegado a un segundo termo. A idea desta moción é a instar ao Goberno empezar a elaborar os orzamentos do ano 2018. O ano pasado o orzamento aprobouse a mediados de ano e tería que estar aprobado dende o primeiro de xaneiro, como é preceptivo por lei, é resulta que nunca é culpa do Goberno senón do grupo Popular. Eu creo que lle encanta ó Alcalde escorrer o vulto e botar a culpa a un terceiro.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Te cres iso de verdade? O que dis é xenéticamente imposible.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xeneticamente non hai nada imposible.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Improbable.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non sei se é improbable ou non. Nunca hai unha responsabilidade clara do Goberno.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Parece que está describindo vostede ao Sr. Feijoo.

D. Xosé Crespo Iglesias: O ano pasado a nós déronos en marzo os orzamentos e botaron a culpa ao Partido Popular. Nós presentamos esta moción para instar ao Goberno a comenzar os orzamentos, se o ten a ben. Pero polo menos queda constancia que no Pleno do mes de xullo se lle dixo ao Goberno que empezara os orzamentos do ano 2018. Nós empezabamos a facer os orzamentos en setembro.

D^a. Teresa Varela Fisteus: En primeiro lugar: na súa moción falan que o Goberno quedou retratado. Mire: non. No Pleno dos orzamentos o que quedou retratado foi o PP. Mostramos aquí as notas de prensa nas que consta que se había entregado o borrador e as datas nas que se lle entregou. Vostedes querían negar hasta esa evidencia.

Os servizos económicos deste Concello traballan arreo. O ano pasado foi atípico, porque cando se elaborou a conta xeral resulta que nunha modificación había que imputar o parking todo o ano. Entón houbo que aprobar o PEF e andábamos a voltas con ese tema que o PP nos deixou. Logo, vostedes saben como vai isto. Hai trimestrais. Hai que colgar a conta en outubro. Interventora hai unha e os servizos económicos son os que hai, e non poden facer dúas cousas á vez. Si ben é certo que se estaba facendo o borrador, foise alargando no tempo por estas casuísticas que son reais que as podedes verificar e ademais as trouxemos a Pleno.

Está máis que esgotado o tema de que o primeiro borrador non se parece ó definitivo!. Estaba a Interventora e dixo o motivo por que non se parecían. Creo que quedou claro no Pleno dos orzamentos que tivemos e na moción de confianza. Ó orzamento é un documento vivo. Ela contablemente estimou oportuno que as transferencias de crédito e as modificacións non as imputa aos orzamentos que se estaba traendo.

Debedes transmitir á opinión pública que nas reunións sempre os deixamos negociar o capítulo íntegro de investimentos. Están os meus compañeiros para verificalo e que vos rechazasteis. Levades todas as argucias políticas ao límite.

Chámame a atención que queirades poñer deberes ao Goberno, pero non fai falta que os poñades, porque xa está encargado e pedido que vaia elaborando o borrador por escrito para que non haxa problemas. *Crespo*: ti que eres o que firma esta moción, pídalle ao Estado que aprobe os orzamentos, porque basicamente os orzamentos municipais van ligados e inflúen nos límites legais. Entón case que nesta moción debería instar ao Estado a que aprobe os orzamentos en tempo e forma.

D. Xosé Crespo Iglesias: Parece moi ben que vostede me diga a min que fale co Goberno para que aproben os orzamentos. Como *Cuíña* lle vai pedir ao PNV.

Eu o que lle quero dicir é que, aparte de ser un Goberno moi peculiar, entendo que ás veces teñan dificultades para sacar as cousas adiante; é normal. Un dos defectos que teñen é que nunca recoñecen que meteron a pata, senón que sempre teñen unha desculpa para xustificalo.

Metemos esta moción porque enchéronse a dicir que os orzamentos deste ano aprobouse tarde por culpa do PP. Recórdolle, que o borrador non se entregou en tempo e forma, non minta. Por iso lle traio o cronograma e pido o Secretario que conste en acta.

O Sr. Secretario: Non existe ese dereito.

D. Xosé Crespo Iglesias: É unha frase feita; dino todo o mundo. Eu podo pedir como concelleiro ou calquera outro concelleiro que conste en acta en entrecomillado unha intervención miña. Iso si o podo pedir.

O Sr. Secretario: Non

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso si o podo pedir. Non o pido: esixo. Sabe unha cousa: vostede fai a acta, pero a Corporación a aproba. Xa verei a acta que faga, e se estamos a favor votaremos a favor e senón en contra. Vostede pode ter un burro; nos temos unha recua de burros e non lle aprobamos o acta.

Eu quero dicirlle a Concelleira Delegada que para nada dubido da súa intención. De que se por ti fora estivera todo en tempo e forma. Eu teño aquí o cronograma:

O 9 de novembro de 2016 o Goberno anuncia que negociará os orzamentos co PP.

O 2 de decembro de 2016 reunión de voceiros para aprobar os orzamentos, non se presenta ningún documentos nin cifra algunha nesa reunión. Din que xa teñen os orzamentos feitos e se concluirá nunha semana.

O 23 de marzo de 2017 houbo unha reunión do goberno co PP e entregouse o borrador das contas.

O 12 de abril de 2017 o Goberno convida de novo ao PP a reunirse de novo polos orzamentos.

O 20 de abril do 2017 se anuncia que o PP votara en contra dos orzamentos.

O 15 de maio convocatoria do Pleno extraordinario dos novos orzamentos que se entregan a oposición.

O 24 de maio pleno dos orzamentos.

O 29 de maio moción de confianza.

Ese é o cronograma real de como foi o presuposto do ano 2017. Que vostedes queiran dicir que o fixeron en tempo e forma, é a súa responsabilidade. Pero non é certo. Se algún día nos botan a culpa de que aproban os orzamentos tarde. Dirémoslle, nós en xullo advertímoslle que empezaran en tempo e forma.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non sei se isto é unha invitación á negociación.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós, a diferenza de vostedes nunca nos pechamos a nada que entendamos que lle convén ao pobo de Lalín. Outra cousa é o que lle convén a vostedes ou a nós politicamente. Nós, non escorremos o bulto. Hai cousas que poderíamos votar en contra, pero por responsabilidade non o facemos. Non porque lle queiramos facer un favor o Goberno, senón porque estaríamos prexudicando os intereses dos veciños de Lalín.

Por tanto, sabedes que no tocante aos intereses dos veciños poden contar con nós. No tocante o Goberno, cada un fai a súa política. Vostedes as veces basean as súa política en cousas que rozan o inmoral. Iso cremos. Nunca teñen culpa aínda que os poñemos in fraganti.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Unha cousa é cando unha concelleira encarga uns orzamentos e outra cousa é un cronograma; isto xa o deixei antes claro. A Interventora tivo que facer varias modificacións de crédito e despois houbo que colgar conta xeral. O borrador se lle deu tan pronto como se nos deu a nós. En marzo foi cando se nos entregou a nós o borrador dos orzamentos e se os transmitiu aí.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pepe: sabes que nós queríamos negociar. Porque queremos salvar sobre todo o DUSI que era fundamental. Por iso queríamos negociar con vós.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Mais alá do traballo burocrático desta casa. Hai unha cuestión política. Nun documento político como son os orzamentos, que é o cambio dun tránsito sobre as maiorías deste salón plenario. Por iso os orzamentos van correlacionados, con isto as forzas políticas a hora de sacalos adiante, en gran medida.

Este Goberno fixo a proposta máis sincera e sen unha liña vermella con vostedes de querer pactar uns orzamentos. Eu, non creo que haxa moitos casos no que todo o apartado inversor como poden ocupar uns orzamentos se lle ofrezca a outra parte para que faga as súas propostas. Permita lembrarllas, como vostedes naquela reunión fixeron a Interventora cero preguntas. Vostedes chegaron alí cunha decisión do seu grupo político previa que era que non ían permitir sacar adiante a este Goberno os orzamentos.

Vostedes din que non fixemos xogo limpo, que os quixemos aprobar pola porta de atrás.

Isto é falso. Este Goberno quixo contar con vostedes para sacalos adiante. Senón, en outubro faríamos a cuestión de confianza e o resultado sería exactamente o que vai ser a vindeira semana, porque non teñen ningunha capacidade de que sexa distinto.

A súa postura política trouxo desgaste público, xa que demoraron cuestións que os veciños necesitan.

Vostedes fagan un exercicio de responsabilidade e admitan que non van a apoiar os orzamentos. Nesta moción que vostedes traen, que por certo é o ridículo padre. Porque poderían presentar un prego, pero non tería a mesma constancia; din. Os que gobernamos somos nós e os que marcamos os tempos. Nós estamos abertos para negociacións para aprobar os orzamentos. Para nós o tema dos orzamentos é algo importante. Os orzamentos deste ano vanse aprobar para a vindeira semana, seguramente o xoves. Son uns orzamentos que nos garantizan moitas cousas. Neste tema vanse a lembrar de vostedes como un partido político moi irresponsable e que non lle doen prendas en os orzamentos.

D. Juan José Cruz García: Escóitanse tantas tonterías neste Pleno, que as veces é mellor estar calado. O poder decisivo que tivo este tráfuga?. Este tráfuga decidiu que quería deixar na Alcaldía a Rafael.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Ti non o decidistes. Ti non tes capacidade para decidir si Rafael Cuíña é Alcalde ou non. Non sigas mentindo. É falso. Estou farto de escoitar esa mentira túa. Non tes ningunha capacidade. Si fora así , xa o terías pactado co PP.

D. Juan José Cruz García: Este tráfuga pediu ser dono da súa vontade e non falar en ningún momento. Nunca negocieei con ninguén. Tedes sorte co tráfuga. É un pano de bágoas porque cando calquera cousa vai mal, xa tedes a quen botar as culpas. Os prazos cos que xogastes, os fixestes como quixestes. Pactástedes con quen quixestes. Eu creo que é unha moción positiva. Non é unha traba moi grande que se teña que pedir, unha moción de confianza e tampouco é unha traba moi grande que exista un tráfuga no Concello de Lalín. Non pasa nada, porque o Concello segue andando cara adiante. Obviamente, cunha limitación palpable por parte do Goberno en certas cuestións, como poden ser os remanentes ou outras non tan cuantiosas. Polo tanto, tedes que aguantar este novo contexto. Insisto na miña posición e que Rafael seguira sempre na Alcaldía.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Acórdate que chegue a Presidente da Xunta, que sempre o dis tamén.

D. Juan José Cruz García: Iso tamén me gustaría. Gústariame que medrara en Galicia un partido galeguista para o que ti estabas chamado e tiñas toda a proxección para facelo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Son unha especie de mesías.

D. Juan José Cruz García: Hoxe fixeches un bo Pleno.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Grazas.

D. Juan José Cruz García: Se estou calado é porque estás facendo un bo Pleno. Ao mellor estou ensinándote o camiño para que chegues a Presidente da Xunta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que isto pode ser o inicio dunha boa amizade, como dicía "Casablanca". Como outro día que me diches a paz na Igrexa do Corpiño. Ao mellor é un punto no que cambia a nosa relación.

D. Juan José Cruz García: Non teño moito máis que dicir. Me agradou moito estar na misa do Corpiño. Agradoume moito que estes intentando tratar co tráfuga. Non se me caen os aneis por dicir que estás intentando as negociacións comigo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que o Corpiño une que non o separe o home.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sr. Vilariño: para pactar algo fai falta como mínimo tres cousas: A primeira é non pensar que o teu interlocutor é máis parvo ca ti, cousa que vostedes pensan; a segunda, que haxa lealdade. Cando un pensa que é máis listo ca outro, non hai lealdade; a terceira, para negociar algo hai que crear un clima medianamente propicio.

Ó marxe de que vostedes digan que é unha moción que non vale para nada. Asegúrolles que vale para que polo menos tomen nota de que se queren, poden ter orzamentos en tempo. É a única xustificación desta moción. Porque se vostedes botan a culpa de que se lle marchou un concelleiro do equipo. Espero que non nos boten a culpa pola marcha de Katia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É por cuestións persoais.

D. Xosé Crespo Iglesias: Asegúrolle a vostede que non o sei. Quero dicir, que se algún mal rolo hai, botarános a culpa a nós.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é o caso. Vós cambiades cinco.

D. Xosé Crespo Iglesias: Escoitamos ao pobo. Algunha xente había que cambiala.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: En privado, cóntoche por que.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sr. Alcalde: non me conte nada en privado porque en privado con vostede non podo ter nada. Logo, traiciónasme. Eu o que digo: se vaia quen se vaia de calquera grupo. Os outros grupos non debemos botar a culpa ós contrarios. É unha marcha importante: á número dous do seu goberno. Algo teremos que dicir. Non quero que nos boten a culpa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa o digo agora. Non ten nada que ver a oposición nin o Goberno. Como para vostedes vale todo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede que pensa que somos parvos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Outra vez?. Non creo que sexan parvos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entón porque se dirixe a nós neses términos?. Houbo sete ou oito ocasións na intervención de *Antonio* onde chegou a dubidar de se *Antonio* sabe o que é un tubérculo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É retranca.

D. Xosé Crespo Iglesias: El non é ningún experto. Seguro que colleu máis que vostede.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Seguro. A min o que non me gusta é que se rían de min, cando se sabe a verdade das cousas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Creo que por parte desta oposición é o revés. A nós non nos gusta que se rían de nos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois facemos os dous camisetas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que aseguro e que cada un ten que aguantar de seu. A situación que ten vostede é pola súa propia cuestión. Por tanto, reitero a nosa petición e que non nos boten a culpa a nós. Porque xa estou vendo ao Sr. Vilariño.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O tema está bastante claro. O que é

indiscutible que este Goberno tiña o máximo interese polo que xa expliquei, pero sobre todo polos Fondos Europeos. Quixemos negociar co PP e non quixeron. Dáme a sensación de que esta moción, é como dixo o Concelleiro *Paco Vilariño*, creo que lle fixo dano esta situación na rúa, no empresariado, nalgúns comerciantes. E veciños que se viron afectados polo retraso dos orzamentos. Non votaron unha vez en contra dos orzamentos. Votaron dúas veces en contra. A moción de confianza era o que buscaban.

No nome do Goberno, dígolle: Despois do verán, montamos unha comisión e comezamos os orzamentos. Na moción ímonos abster. Xa falei cos servizos económicos para que comezaran cos orzamentos. Estamos dispostos a falar con vostedes e negociar.

Os orzamentos que van entrar o día 3, uns orzamentos excelentes para as políticas que queremos facer, que garante os fondos europeos. Non descartamos se vostedes non teñen un animo de negociar, prorrogalo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede é un cínico tremendo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Agora cínico?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede non se da conta que cando minte, ó final aquí nos coñecemos todos?. A culpa de atrasar os orzamentos é culpa vosa. É da vosa incapacidade.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podería dicir ata xente concreta. Eu non aludín a vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias: É unha moción nosa. Eu díxenlle tres cousas para negociar que nunca cumpren. Vostedes pensan que é un orzamento excelente; xa o verá. Teñen medio ano para executalo.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Hai partidas que pola demora van a ser imposible de executar.

D. Xosé Crespo Iglesias: É fantástico: poñer a venda antes que a ferida.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos repetindo argumentos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu díxenlle cales son os tres principios básicos da negociación. Vostedes, non me queren oír; pois non me oían.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Poderíalle dicir xente con nome a apelidos, xente que se dirixiu a vostede dicíndolle que non entendía o tema de non pactar o orzamento.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu, asegúrolle que non.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ao mellor mentíronme. Para rematar este tema. É indiscutible que lle fixo dano este tema.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non é así. É a túa opinión.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É a miña opinión.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Non se escoita

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Primeiro, este Alcalde pensa que este retraso consciente afectou á imaxe do PP; segundo: nomear unha comisión para realizar os orzamentos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pensa que son parvo ou sodes vostedes parvos?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pincho: eu non me estou rindo.

D. Juan José Cruz García: vaines prorrogar?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non.

D. Juan José Cruz García: Entendín que si.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos intentar negociar.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do *PP*, un (1) do *concelleiro non adscrito*

Votos en contra: nove (9) *grupo do goberno* dos que catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG

Abstencións: ningún

Xa que logo, **aprobose a moción e adoptouse** o seguinte acordo:

Os orzamentos do ano 2017 presentáronse, para a súa aprobación en sede plenaria, con moitos meses de retraso sobre o que marcan os cánones para a súa entrada en vigor en prazo o día 1 de xaneiro do ano ao que se refiren, como marca a lexislación. Un retraso de máis de 200 días que na súa gran maioría só foi imputable ao goberno que os demorou, por cuestións estratéxicas e por comenencia política, ata que foron presentados a pleno o día 24 de maio. Un retraso co que o goberno quedou retratado e do que tentou facer responsable á oposición que durante o último mes do ano anterior e os tres primeiros meses do ano en curso asistiron estupefactos á parsimonia coa que tomaron a elaboración das contas xerais do Concello.

Só a falla de manobra dun orzamento prorrogado e a imposibilidade para por en marcha accións de goberno, provocou que o executivo de Rafael Cuiña se puxera a traballar nuns números que presentou ao Partido Popular, para unha hipotética negociación, o día 23 de marzo de 2017.

Unha primeira reunión cos números enriba da mesa que chegou arredor de catro meses tarde se a intención do goberno municipal era aprobar os orzamentos en tempo e para ser operativos. Algo que evidentemente non era o que pretendía o goberno, como se demostrou despois, que non era outra cousa que por en práctica unha estratexia de dilación, dun goberno en minoría, coa que por en marcha presións á oposición ante os veciños e unha estratexia victimista para aprobar uns números para os que non tiña os votos suficientes.

Curiosamente, uns números dos que o PP non se fiou, polos reiterados incumprimentos do goberno, e que só un mes despois –trinta días máis a sumar aos máis de 120 que xa levaban de retraso dende a reunión do 2 de decembro- xa non se parecían nada aos entregados aos populares. O que demostra que a intención do goberno non era xogar limpo cos populares e si aprobar uns números pola porta de atrás e sen o respaldo da maioría da corporación.

Tras ter que recorrer á moción de confianza, para aprobar uns números cun precario apoio da corporación, o alcalde e o grupo de goberno puxeron en marcha a máquina de propaganda para colocar a mensaxe de que a oposición fora a responsable dun retraso que só está no debe do goberno. Responsabilidade como a de presentar as contas ao pleno en tempo e forma e que o goberno nin cumpríu, ao presentar as contas definitivas a finais de maio, nin tiña intención de facelo para ter unha desculpa trala que esconder a súa debilidade.

Partindo do exposto, e ca intención de que o goberno poida dispor duns orzamentos en tempo e forma e non se poida amparar no seu habitual victimismo, o Pleno **ACORDOU:**

1.-Instar ao goberno municipal a que empece a elaborar os orzamentos do ano 2018 á

máxima brevidade posible para que no caso de que non se chegue a un acordo para a súa aprobación, poidan aprobarse en tempo, antes de acabar o ano, por vías alternativas como a utilizada neste ano por un executivo en minoría.

12. EXPEDIENTE 3454/2017. MOCIÓN DO PP PARA A CONSECUCIÓN, POR PARTE DO CONCELLO, DOS TERREOS NECESARIOS PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DA ROMEA E AMPLIACIÓN DO MESMO.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 19 de xullo de 2017 co número de rexistro de entrada 5423. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 24 de xullo de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Xosé Crespo Iglesias: Presentamos esta moción porque cremos que ampliar o cemiterio de A Romea é unha necesidade grande de Lalín. Nós consciente de que tiñamos que ampliálo en algún momento, cando vimos como estaba urbanísticamente aquilo. Fixemos unha modificación puntual. Cando estábamos rematando a modificación houbo que cambiala por un erro de forma. Empezamos de novo a cualificar os terreos. No orzamento do ano 2015 metemos 90.000€ para a compra.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non eran 200.000?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por que non me respectan o meu turno?. Despois van poder falar e contradicirme.

Somos conscientes de que é difícil chegar a un acordo. Preparamos o expediente perfectamente para que non houberan ningún problema. Renunciamos ó expediente de novo. Ao final aprobouse definitivamente a MPPXOM para que o cemiterio novo se puidera ampliar ata o límite legal permitido. Había que facer culumbarias, había xente que os demandaban e ocupaba menos sitio. Presentábase a necesidade de que alguén que tiña as cinzas na súa casa, prefería telas no cemiterio. Previamente había que facer unha ampliación, na que unha parte se destinase a columbarias e na outra se fixeran nichos tradicionais.

Hai dous problemas: hai xente que non teñen nicho e que teñen intención de telo. Noutras zonas de Lalín non poden ampliar os cemiterios. Agora a norma cambiou e si se poden ampliar nalgúns lugares.

Nós no ano 2015 comezamos por 90.000€. Os servizos técnicos desta casa dixéronnos que a expropiación deses terreos estarían en torno aos 200.000€. O importante da cuestión é que se necesita ampliar o cemiterio. Nós deixamos consignada unha partida de 90.000€ e da partida de persoal que sobran máis de 200.00€, contámbamos quitar máis de 100.000€ para unha partida de 200.000€, e comprar de mutuo acordo ou iniciar o expediente de expropiación. Para iniciar o expediente de expropiación chegan os 90.000€. Eu non sei a que adicaron os 90.000€.

Tendo en conta que, se non se chega a un acordo, hai que ir a un expediente de expropiación, levan dous anos mareando a perdiz. E nós hai cinco anos pensamos que era necesario e inminente a ampliación do cemiterio do Campo Santo. Se o pensabamos hai cinco anos, agora máis.

Nós pensamos que nos orzamentos ían a meter algunha partida. Por elo pedimos que no vindeiro Pleno, se non é en agosto, que sexa en setembro, se modifique o crédito cunha partida específica para ese fin, para conseguir os terreos.

O Concelleiro de urbanismo é un nefasto xestor. Moito nos criticaba. Pero el en dous anos, non fixo nada. Nós fariamos cousas ben e mal. Eu acórdome que vostedes criticaban todo aquilo que nós facíamos. Nós, teríamos fallos en urbanismo, pero facíamos moitas cousas. Vostedes, nin sequera dan as licenzas en tempo e forma. En urbanismo non fan nada. O que está facendo este Goberno co cemiterio de Romea é moi grave. Está hipotecando un cemiterio Arranxando e metendo unhas mellores urbanísticas sinxelas, podería quedar un cemiterio decente, que era o que nós queríamos. Eu pídolle responsabilidade. Nesta moción pedimos que se faga o antes

posible, o máis tardar en setembro, cunha partida para iniciar o proceso ou ben de compra, ou que empecen a expropiar.

D. Nicolás González Casares: Eu pensei que neste tema estaba máis documentado. Por certo fai dúas modificacións: a da granxa e outra máis grande.

Falar de política do PP en Lalín é falar de ruína para moita xente. Os primeiros anos no urbanismo foi arranxar os seus desaguisados. Empezando polo derribo dun parking que houbo que comprar. Unha guillotina de 6.000.000€.

Ímonos a ciñir ao cemiterio. Tiveron que emendar a súa moción. Agora prepáranse mellor as cousas. Se vostedes crían que había que gastar máis diñeiro en indemnizacións e comprar terreos, porque lle din á Xunta na Modificación Puntual nº 13 que só se necesitan 90.000€. Entón mentiron á Xunta de Galicia, porque se sabían que ían custar 200.000€, por que din 90.000€? e porque no orzamento pon 90.000€ e logo din imos a facer unha modificación de crédito?.

O que di na modificación puntual é que o total da ampliación da urbanización vai ser máis de 250.000€. Se o que pon aquí é verdade, facíano. Pero isto non é verdade, porque un muro de 300 metros, non se fai por 37.000€. Vostede di: Deixamos para os terreos máis de 200.000€.

O importante é ampliar o cemiterio? Cando eu cheguei aquí non había nin rexistro de demandantes. Había unha por aquí, outra por alí...Había que facer arqueoloxía. O que fixemos foi darlle saída ás sepulturas que levaban pedidas dende o ano 2003.

Hai un bloque de nichos que non entendo porque nunca fixeron. Hai un espazo para facer catro bloques de nichos e fixeron só tres. Por que non fixeron outro no tempo que tiñan? Eu quería facelos, pero era moi elevado. Tiña un presuposto de 120.000€.

Vostede sabía dende que iniciou a modificación puntual que ían a un proceso contencioso-administrativo, porque saben perfectamente quenes eran os propietarios. Vostedes non sabían a demanda, porque non tiñan un rexistro. Por certo, creo que hai que cambiar a ordenanza, porque creo que son moi baratas tanto as sepulturas coma os nichos.

Hai que ampliar o cemiterio? Si, pero hai que ver como se amplía, porque co presuposto que din vostedes é irrisorio. Está ben que pida que nos próximos orzamentos se inclúa unha partida; pero pedir unha modificación de crédito para setembro que entrará en vigor en outubro para facer un proceso expropiatorio!. Como se fora tan fácil coller 100.000€ dalgún sitio para isto.

A realidade, é que está ben politicamente que pidan isto, porque vostedes traballaron nisto, pero, cun pouco de sentidiño e sen mentir na moción; mais ben por non documentarse. O que pon os orzamentos do ano 2015 son 90.00€ non 200.000€.

D. Xosé Crespo Iglesias: So falei dos terreos.

D. Nicolás González Casares: Hai que plantexarse moi ben como se fai esa ampliación. Porque creo que hai que ser realistas e facer outro estudo, antes de consignar cartos que non se saben para onde van ir. Hai que facer un estudo real, porque as cifras que están sobre a mesa, non son reais.

D. Juan José Cruz García: Eu quero apuntalar un pouco a moción. Eu creo que descentralizar un pouco este cemiterio podería ser unha opción para optimizar os recursos dos cidadáns.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Descentralizar? Mandar uns para Botos outros Muimenta....?.

D. Juan José Cruz García: Non temos que ofuscarnos coa compra destes terreos. Eu creo que habería que intentar facer unha consulta pública, xa que son temas moi persoais e métese moito na intimidade das persoas. Creo que hai que optimizar é ver a posibilidade de comprar terreos noutros sitios e colaborar cos cemiterios interparroquiais. Eu creo que se podería retirar a moción.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ó Goberno parécelle ben.

D. Xosé Crespo Iglesias: O concelleiro de Urbanismo ten unha visión equivocada do que é Lalín e de como medrou. Creo que a ampliación do cemiterio de A Romea é unha necesidade. A

nosa responsabilidade como oposición é dicir o que opinamos. Facer as propostas que consideramos necesarias. Nós estamos aquí para facer a oposición e fiscalizar o labor do Goberno. Nós non retiramos a moción.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nós tiñamos pensado abstermos, pero vendo a posición do concelleiro non adscrito e que non se lle acepta a súa proposta, imos a votar en contra.

D. Xosé Crespo Iglesias: Paréceme ben. Nós cremos que hai que ampliar o cemiterio. Se vostedes non o pensan, é a vosa responsabilidade. Nós non o temos que facer; son vostedes o que o teñen que facer. Polo tanto, nós imos seguir para adiante coa moción e, se non prospera non pasa nada.

Quero dicirle ao Concelleiro de urbanismo que é patético que afirme e sempre indo polas ramas. Non sabe se é legal ou non o que están facendo co cemiterio da Romea de meterlle máis nichos dos que alí están previstos. Vostede non o sabe. Alá vostede!. Logo, preguntareille na parte de preguntas. Documentétese un pouco antes de responderme.

Se vostedes cren que a política de esconder a cabeza debaixo da á é positiva, alá vostedes!. Nós estamos convencidos de que é necesario ampliar a Romea. Nós, na parte dispositiva deste acordo di: que se consigne unha partida.

Vostede non debe ter nin idea de como se expropian as cousas. Cando se expropian as cousas, normalmente se pon o valor por debaixo do mercado por responsabilidade. Hai que poñer un prezo baixo, pero razoable para o tribunal de Xustiprecio. Eu xa sei que é dificultoso expropiar pero levan dous anos. Se empezaran a expropiar daquela, estaría acabando agora o contencioso. Eu insto a que o fagan o antes posible.

Se non vai para adiante, eu respecto a posición do Concelleiro non adscrito. El ten a filosofía de repartir nas zonas das parroquias. Iso é factible. De feito nós tiñamos unha proposta de cemiterios zonais. Non para cada parroquia, senón por zonas, porque para cumprir a normativa urbanística hai que irse practicamente aos montes, porque senón non cumpres coa normativa urbanística, polo tanto hai que agrupar varias parroquias. Eu estou disposto a apoiar que se fagan eses cemiterios, de feito nós fixemos o de Palmou e Sello. Ao final foi para Erbo e Palmou, para dúas parroquias aínda que nos pretendíamos meter a tres parroquias.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como sabe hai veciños que non están contentos con iso. É opinable.

D. Xosé Crespo Iglesias: O problema é que iso xurdiu porque en Palmou non se podía ampliar o que había e en Erbo tampouco se podía ampliar o que había.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: En Erbo moi contentos non están.

D. Xosé Crespo Iglesias: Buscouse un acordo salomónico que valesse para as tres parroquias. Sello non quixo entrar. Tiveramos unha reunión cos de Sello e dixéronme que alí facía moito frío. A diferenza de alí e Sello son de trescentos metros. Pero bueno é respectable.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos votar en contra.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós estamos dispostos a facer cemiterios zonais pero iso non quita que o cemiterio de A Romea ten que ampliarse, que podería chegar coa metade do tramo que hai seguindo o mesmo ancho ata a autopista. Ademais que se poida urbanizar iso e facer máis bonito do que é.

D. Nicolás González Casares: Primeiro, o que vexo é que hai un descoñecemento real da demanda.

D. Xosé Crespo Iglesias: Como que hai descoñecemento?. Hai demanda ou non hai demanda?.

D. Nicolás González Casares: Eu digo por parte de vostedes. Eu sei a demanda que hai,

os nichos que se piden e a demanda real que existe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Recoñece que hai demanda?.

D. Nicolás González Casares: Hai demanda. A día de hoxe de sepulturas practicamente non hai. Hai demanda de nichos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Hai demanda de culumbarios?.

D. Nicolás González Casares: Si, e de feito na memoria que teño feita para facer ese cuarto bloque ían propoñer esas cinzas. É tan chamativo que toda a ampliación cos terreos, muro, culumbarios... que aquí pon que vai valer 250.000€, só facer 90 nichos valga 130.000€.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede entendeume mal. Nós non dicimos que a ampliación do cemiterio vai valer 250.000€.

D. Nicolás González Casares: Perdón, é o que pon a modificación puntual.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, pero retrotraígame ó ano que era.

D. Nicolás González Casares: O ano era 2013. Tampouco subiron os prezos de construción, mais ben baixaron.

D. Xosé Crespo Iglesias: Na construción dos nichos sabe que se recupera ese diñeiro cando os propietarios o adquiren. Necesitan un crédito ponte e logo recupéranos.

D. Nicolás González Casares: Vostede que fala: de crédito ponte ou de modificación de crédito? Tamén aclárese do que está pedindo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu falo da modificación de crédito para os terreos.

D. Nicolás González Casares: Pero modificación de crédito dos terreos en decembro para executar este ano?. Eu vexo completamente imposible.

D. Xosé Crespo Iglesias: Faino no mes de setembro que entra en vigor en decembro a modificación de crédito. Vostede con iso pode empezar o procedemento; se nón sabe canto atrasa o proceso? Un ano.

D. Nicolás González Casares: Non se atrasa un ano. O que digo é que primeiro habería que falar moito aquí de como se fixo esta modificación puntual e por que se van aos terreos aos que se van?. Porque moita xente da zona da Romea o que din é por que non se foron á zona de enfrente? E así habería cemiterio aos dous lados da carretera e quedaría urbanizado

D. Xosé Crespo Iglesias: Xente doutro lado da carretera?.

D. Nicolás González Casares: Hai moita xente que propón iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pois a min non me lo propuxo ninguén. Asegúrollo.

D. Nicolás González Casares: Asegúrolle que si. Eu teño propostas de facelo doutro xeito.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non lle digo que non. A min nunca mo propuxeron.

D. Nicolás González Casares: Máis que nada ampliar cara ese lado.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entre outras cousas, porque alí hai unha casa e máis hai un almacén.

D. Nicolás González Casares: A casa está á mesma distancia do cemiterio por un lado que polo outro. Estiven vendo os planos. Eu non son un revisionista. Se hai unha modificación puntual feita, non lle vou a dar a volta a modificación. Son dous anos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Son duns anos, non. Son moito máis que dous anos.

D. Nicolás González Casares: Por iso non a quero facer. Agora, esta ampliación tal e como está plantexada, non hai ningún anteproxecto de como sería porque tamén todos sabemos como esta alí. Aquelo non é monte raso: Aquelo forma parte dunha carballeira moito máis extensa, dunha finca moito máis extensa. O igual o que había que plantexarse é conseguir toda a finca e deixar só unha parte.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se van votar en contra: para que?.

D. Nicolás González Casares: O que estou dicindo é que probablemente hai que replantexar todo isto

D. Xosé Crespo Iglesias: Significa que neste mandato non o van tocar. E vostedes, sábeno.

D. Nicolás González Casares: Eu asegúrolle que o vou intentar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por iso vota en contra.

D. Nicolás González Casares: Isto para quen o faga pode ser moi xugoso, porque a xente ten moita demanda. Se fora por esa cuestión política, sería tremendamente interesante. Se eu me movera só polo interese político, sería moi interesante dende o meu punto de vista; pero non é iso o que me move, porque senón xa llo pediría ó Goberno como prioritario e marcaría as miñas estratexias. O que dixo o Concelleiro non adscrito de estudar a posibilidade de ampliacións parciais noutras zonas, creo que tamén hai que estudalo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Esta no programa de Compromiso.

D. Nicolás González Casares: Creo que hai que facer un estudo máis serio das demandas reais. Enténdame. A min que un contencioso deste calibre non me gusta porque neste contencioso o que vai a pesar é que vamos a expropiar por un prezo, imos ir a un tribunal de xustriprezo e el vai seguir recorrendo.

No mes de agosto de 2015 reuníme co propietario destes terreos e díxenlle: comprámoschos, pos o prezo e negociamos. El dixo que nunca ía vender terreos ao Concello de Lalín. Díxonos que teríamos que expropiar e que tiña a dea de batallar ata o final. A min no me gusta que logo de seis anos, despois de recursos, que este ou outro goberno ou concelleiro lle digan que ten que pagar 400.000€, 500.000€ ou 600.000€ por unha expropiación mal feita. En serio, que eu non quero deixarlle pufos a outros. Vostedes eran moi dados a iso, pero eu non.

D. Antonio Rodríguez Roidríguez: Cando. Houbo denuncias mútuas..

D. Nicolás González Casares: As denuncias foron bastante antes. Vou volver outra vez onde el a ver se quere negociar. Eu creo que ese mandato xa rematou, *Crespo*.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu só digo que soamente digo que o Concello de Lalín tivo máis problemas de expropiacións que con esa familia. Pero ao mellor pódese chegar a un acordo; pero é moi complicado. Pero por alí non hai outra solución, porque por un lado está o tanatorio; por outro está a autoestrada; e por debaixo e por detrás é del. Hai unha solución. O que di vostede: cambiar o cemiterio para outro sitio. Vostede ve factible iso, unha vez que tes a infraestrutura feita?

D. Nicolás González Casares: Se non estivera feita a modificación puntual, si que o

habería. Eu non teño as mesmas estratexias de Goberno que teñen vostede

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede realmente admite a trámite a posibilidade de cambiar o cemiterio de sitio en vez de ampliar o que hai?.

D. Nicolás González Casares: Estoulle dicindo que non. Dígolle, que vostedes cando planificaron, por que non tiveron en conta esa posibilidade?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Realmente está de chiste.

D. Nicolás González Casares: Rematando. Eu creo que descoñecían absolutamente o que tiñan consignado nos orzamentos é o que de verdade ía a custar a ampliación do cemiterio. Hai que replantexarse moi ben o que hai que facer e dimensionar economicamente o que se vai facer. Que é posible pedir créditos para isto? Evidentemente, si que é posible. Tamén os emplazo a que o día que sexa necesario pedir un crédito para isto, voten a favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero se teñen superávit?.

D. Nicolás González Casares: Vostede outra vez descoñece a Lei dos orzamentos do Estado. Eu preguntei se os investimentos en cemiterios era inversión financeiramente sostible, e non é.

D. Xosé Crespo Iglesias: Só pode ir por crédito? Non pode ir como unha consignación como fixemos nos dentro do presuposto normal?.

D. Nicolás González Casares: 90.000€ non chega nin para pinzas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se meteran os 90.000€ nosos con suplementalo chegaba.

O Secretario: Para saber se un investimento e financeiramente sostible hai que facer cálculos, ter un importe e hai unhas normas e unhas regras. Non se pode afirmar ou desmentir unha cousa, hai que velo.

D. Nicolás González Casares: Perdoe: está vostede equivocado.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que saibas moito de urbanismo máis ca Directora Xeral, pero que saibas máis que o Secretario.

D. Nicolás González Casares: Hai capítulos que non entran en investimentos financeiramente sostibles; os deportes, a cultura; os cemiterios non entran.

D. Xosé Crespo Iglesias: Imos poñernos no suposto que non sexa financeiramente sostible. Algo priva de que se cree unha partida como modificación de crédito?. E o que pedimos nós aquí.

D. Nicolás González Casares: E que entre en outubro, novembro...

D. Xosé Crespo Iglesias: Entrara en outubro ou en novembro e será tarde. Pero pódese iniciar o expediente. Si non inicia o expediente, retrasano un ano. Es tan descoñecedor do tema e tan incompetente na materia, que eu alucino!.

D. Nicolás González Casares: Vostede que non sabía nin o que consignara.

D. Xosé Crespo Iglesias: No orzamento deste ano, aínda que aprobemos a modificación de crédito, é imposible executalo, porque todos sabemos que o máis probable é que teñamos que ir a unha expropiación. Pero vale para ter a percha necesaria para iniciar o expediente e logo ao ano xa creas o presuposto e suplementalo. Si non empezas este ano, non vale para nada.

D. Nicolás González Casares: Poñemos os deberes para o ano que ven e replantexamos todo, porque hai que ver canto vai custar todo isto.

D. Xosé Crespo Iglesias: ten todo o dereito de votar en contra, non se preocupe.

D. Nicolás González Casares: Non votamos en contra da ampliación do cemiterio de Romea; votamos en contra da súa proposta que vai nesta moción.

D. Xosé Crespo Iglesias: É o mesmo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente:A min que me incineren e esparzan as cinzas por un prado en Filgueira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se pode.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que o fagan de xeito legal.

D. Xosé Crespo Iglesias: Agora vai ser ilegal, porque a Concellería de medioambiente modificou a súa ordenanza.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que o fagan de xeito legal.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) do PP.

Votos en contra: nove (9) grupo do goberno dos que catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG

Abstencións: unha (1) concelleiro non adscrito.

Xa que logo, **aprobose a moción, e adoptouse** o seguinte acordo:

Sen dúbida ampliar o Cemiterio Municipal da Romea, en Botos, é unha necesidade urxente. O 17 de Agosto do 2010, o goberno do PP de Lalín tomaba a decisión firme e urxente de afrontar a ampliación do cemiterio Municipal de A Romea, debido a que xa daquela había falta de solo para a construción de novos nichos. Xa entón os técnicos municipais barallaron, como mellor, a opción de orientalo en dirección á Autopista AP-53.

Xa daquelas o goberno admitía a inexistencia de solo, porque case non se podía conceder nengún nicho máis, polo que pretendíase buscar unha solución para moitos anos.

Dita ampliación viña motivada polo crecemento do casco urbano, co antigo cemiterio de Lalín totalmente esgotado e o da Romea a punto de esgotarse, e ademais, a que en moitas parroquias do rural tampouco se podían facer novos nichos, porque xa non había espazo, e poderío ser unha boa solución que o construísen na Romea.

O goberno do PP quería realizar un proxecto completo de ampliación e remodelación do existente, tendo previsto incluír no mesmo columbarios, para que as persoas que optaran pola incineración tuvesen onde depositar as cinzas dos seus achegados os que non quixesen telas na casa. Ao mesmo tempo a ampliación para seguir facendo nichos, como os que xa hai na actualidade daría para as medras, xa que poderían coller alí perto de outros tantos como hai actualmente.

Para acometer este proxecto afrontouse a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación en Xullo do 2013, paso previo para poder negociar ou, no seu caso, expropiar os

terreos necesarios. Modificar o Plan Xeral sempre resulta engoroso, dende o punto de vista administrativo, pero conquisiuse telo totalmente rematado no anterior mandato.

No orzamento do ano 2015, feito polo goberno do PP había consignada unha cantidade superior aos 200.000 euros, para iniciar a compra dos terreos de mutuo acordo, ou para expropialos.

Esa cantidade foi trasladada polo goberno cuatripartito para outros fins distintos, non sabemos cales, deixandose de lado esa importante infraestrutura.

A día de hoxe o PP de Lalín considera prioritario escomenzar, dunha ver por todas, a consecución dos terreos, ben negociando, de mutuo acordo, ou ben iniciando o expediente de expropiación forzosa, así como a elaboración do correspondente proxecto de ampliación.

A forma irresponsable que ten o goberno actual de Lalín de ralentizar dita actuación parécenos unha tomadura de pelo, xa que non hai sitio para facer novos nichos e están hipotecando os pasillos que debería haber de cara ao futuro, e a estas alturas que, como se dixo en prensa, condicionen a ampliación a unha auditoría amosa que pouco ou nada coñecen a realidade.

Partindo do exposto, e coa intención de que o goberno inicie de inmediato os trámites para a ampliación do cemiterio, é polo que o Pleno **ACORDOU**:

1.- Que no vindeiro Pleno ordinario, ou no seguinte do mes de Setembro, se leve ao mesmo unha modificación de crédito que sirva para crear unha partida específica, para conquistar os terreos necesarios para a ampliación do cemiterio, que había prevista por parte do anterior goberno, para a que foi aprobada, no seu día, a correspondente modificación do planeamento.

2.- Que, para ese fin, se elabore o correspondente proxecto de execución, que ademáis fai falla para a expropiación.

3.- Que se leve a cabo a consecución dos terreos, antes de acabar o actual ano, se é de mutuo acordo, ou do contrario, se aprrobe o correspondente expediente de expropiación

13. EXPEDIENTE 3412/2017. MOCIÓN DO PP PARA GARANTIR AOS PENSIONISTAS DE VENEZUELA RESIDENTES EN GALICIA O COBRO DAS PENSÍONS QUE LLE CORRESPONDAN.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 17 de xullo de 2017 co número de rexistro de entrada 5332. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 24 de xullo de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D^a Paz Pérez Asorey:

O que queremos é sumarnos a iniciativa aprobada no Parlamento de Galicia, impulsada polo Partido Popular e que foi transaccionada polo Partido Socialista e rexeitada polo BNG e Mareas. Na mesma pedíase garantir o cobro das pensíons que lles corresponda aos pensionistas de Venezuela residentes en Galicia.

A situación, sen dúbida, é coñecida por todos. A situación que esta vivindo Venezuela é unha situación dramática e o estado no que se encontran os pensionistas é de emerxencia. Temos constancia da situación que están vivindo os pensionistas en Lalín dende hai uns meses, xa que deixaron de percibir as pensíons ás que teñen dereito por ser traballadores dese país. Estase vulnerando o Convenio Bilateral da Seguridade Social que se asinara no ano 1988 entre España e Venezuela.

Nesta moción pedimos que a Corporación de xeito unánime inste á Xunta e ao Goberno a poñer todos os esforzos para garantir as pensións necesarias que lles corresponden aos venezolanos emigrados e residentes en Galicia. Basicamente, que se intente chegar a un acordo coas autoridades venezolanas para resolver esta cuestión. E mentres non se solucione isto, que se lles permita a acceder a calquera tipo de axuda social á que poida ter dereito por ser residentes en Galicia.

D^a Lara Rodríguez Peña:

Agora terán que permitirme utilizar algúns argumentos que empregaron anteriormente en relación, por exemplo, ao diálogo. Eu creo que nesta moción do PP, creo que teñen camaradas suficientes para falar directamente con eles e instar ao Goberno do Estado e ao Goberno da Xunta.

E logo, outro argumento que tamén quería empregar, pero creo que o vou a deixar para o final. É unha moción correcta e lexítima solicitar que ese Convenio se cumpra. Agora ben, presentar unha moción para que dende o Concello de Lalín reforcemos os contactos dos diplomáticos do Goberno da República Bolivariana de Venezuela só ten un nome. Non sei se vostedes saben que nome lle podemos outorgar a isto. É dicir, o nome que isto recibe é: propagandismo.

Dende logo, presentar unha moción coma esta é, dende menos, ridículo, polo que acabo de comentar: que dende o Concello de Lalín instemos ao Goberno de Estado a levar a cabo accións diplomáticas para que se cumpre un convenio.

Repito: Onde están os vosos camaradas do Partido Popular?. O Senador *Crespo Iglesias* que ten dende logo relacións con moitas das persoas que están tanto no Congreso como no Senado, para levar acabo este tipo de peticións? onde están?.

Por que o PP non se preocupa das pensións de Galicia que son as máis baixas de todo o Estado? E preocúpanse dun Convenio? Se están preocupados, estano polas pensións e pensionistas porque non fan nada? Non fan unha mellor execución no Goberno de Galicia e do Estado?.

Creo que primeiro debemos preocuparnos polas pensións galegas do goberno de *Feijoo*, goberno dos vosos camaradas. Estas accións diplomáticas só pode levalas a cabo o Goberno do Estado. O que non entendo é porque non abren un diálogo con eles.

D. Xosé Crespo Iglesias. O Parlamento de Galicia aprobouno. Votou en contra A Marea.

D^a Lara Rodríguez Peña: Que pinta o Goberno de Lalín en cuestións diplomáticas?. O Goberno do Estado ten capacidade suficiente e é el que ten que decidir ese tipo de cousas. Esta moción é totalmente propagandística. Vostedes están acostumbrados a victimizar e dramatizar para o voso propio beneficio: Xogar coas vítimas polo voso beneficio político. E un xogo ao que nos está acostumbrado.

D. Manuel Fernández López: A Podemos lle jode esta moción.

D^a Lara Rodríguez Peña: que ten que ver Podemos comigo?. Esta moción é ridícula. E se nos toma coma imbéciles. Os máis listos non son vostedes.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu lle téño por unha persoa intelixente. Eu coñéceo dende que teño uso de razón. Agora, se quere ir de vítima.....

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O Goberno de Lalín está de acordo con esta moción. O que non lles parece ben aos concelleiros que están defendendo esta moción, é que se intente facer outro tipo de cousas. E dende o PP que este goberno municipal inste ao Goberno a facer isto!, estamos de coña!. Fala con Mariano.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos absternos, para que o propio Partido Popular inste que o Partido Popular faga algo. É un cachondeo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Unha das primeiras accións que fixo este Goberno era instar ao Goberno para a recuperación do rural.

D^a Paz Pérez Asorey: As súas palabras denotan faltan de sensibilidade e humanidade.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso non é certo. Por favor!.

D^a Paz Pérez Asorey: É totalmente certo.

Traendo esta moción é unha falta total de respecto a estas persoas que non son nin dúas nin tres e incluso privandóselles doutro tipo de axudas, porque se lles está computando que son pensionistas de Venezuela. Estou dirixíndome á concelleira, porque foi ela quen a defendeu e utilizou unha serie de cualificativos que desexaría que os venezolanos residentes en Lalín non escoitasen. Pode estar ou non de acordo co que está pasando en Venezuela. Eu respecto os seus principios políticos. Non negue a evidencia: hai xente que está intentando tramitar a súa pensión e á que se lle denega o seu dereito de tramitala. A vostede non lle preocupa iso. Ogallá non o viva. Ogallá non teñamos a situación en España que se está vivindo en Venezuela.

Xogar con vítimas? Aquí non estamos pedindo que se lle dean axudas sen cumprir os requisitos. Estamos tratando de levar acabo ese Tratado Bilateral que se asinou no seu momento no ano 1988 e que se leve á práctica. Nós, dende aquí o menos que podemos facer como representantes políticos dos nosos veciños e apoialos. Empregar a palabra “camarada”. Por favor!.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Camarada é algo malo?.

D^a Paz Pérez Asorey: Un pouco de seriedade e menos risas. Hai situacións familiares e o Concelleiro de Benestar sábeo. Hai familias que o están pasando moi mal. Esas risas non se corresponden.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que o resolva Rajoy. O que estamos pedindo hoxe que non se o deu Mariano Rajoy ou Lara Rodríguez?.

D. Nicolás González Casares: Por alusións. As miñas risas non van polas familias. Eu sei que o están pasando mal e dende o meu grupo político apoiamos esa iniciativa. Que me ría é polo de camarada, como algo pelloativo, cando algo amistoso.

D^a Paz Pérez Asorey: En función do contexto no que se utilice.

D. Nicolás González Casares: Se esa xente ten problemas para recibir outras axudas, é porque o Ministerio de Hacienda lle computa eses cartos como cobrados. Eles non están recibindo a pensión e non poden recibir outras axudas. Aquí, quen tiña que tomar decisión é o Goberno de España. O Goberno poderíalle dicir ao Ministerio de Facenda que a esta xente non lle quite as prestacións ás que poderían ter dereito, porque lle está computando uns ingresos que non teñen.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) sendo dez (10) do PP sendo e un (1) concelleiro non adscrito

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9) do grupo de goberno dos que catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG

Xa que logo, aprobouse a moción e adoptouse o seguinte acordo:

España e Venezuela subscribiron o 12 de maio de 1988 un convenio sobre Seguridade Social, en vigor dende o 1 de xullo de 1990, no que se recoñece o dereito de cobro de pensións, subsidios, rendas e indemnizacións, sen que estas estean suxeitas a redución, modificación, suspensión, supresión ou retención polo feito de que os seus beneficiarios residan noutro país, e establece, de feito, que eses pagos se farán efectivos en idénticas condicións e con igual extensión que aos nacionais que residan no referido país.

Pese a elo, o Goberno de Venezuela decidiu suspender a finais do 2015 o pago das pensións aos beneficiarios residentes no exterior. No caso de Galicia, o problema afecta aos

pensionistas venezolanos residentes aquí e aos pensionistas emigrantes retornados. O número de afectados supera as 3.000 persoas, dos que a gran maioría son galegos emigrantes retornados.

O tempo transcorrido e o feito de que moitos dos afectados só dispoñen desta pensión como fonte de ingresos fai que a súa situación resulte dificilmente sostible ou cando menos precaria, sobre todo presente tendo presente que a incerteza sobre o futuro das súas pensións mantense no tempo.

Ante esta situación o grupo municipal do Partido Popular de Lalín considera que o Goberno español debe incrementar a s súas accións para paliar a grave situación na que se atopan os pensionistas e xubilados venezolanos e galegos, residentes en Galicia, por culpa do retraso no pago das súas pensións por parte do Goberno de Venezuela.

Por todo o exposto o Pleno **ACORDOU**:

Instar ao goberno do Concello de Lalín a dirixirse á Xunta de Galicia e ao Goberno de España para:

1. Que reforce os contactos diplomáticos co Goberno da República Bolivariana de Venezuela a promover as accións legais que sexan oportunas en aras de facer cumprir o Convenio bilateral de Seguridade social entre España e Venezuela, asinado o 12 de maio de 1988, establecendo os mecanismos precisos par que o Goberno de Venezuela garanta ao español o pago do importe integro das cantidades endebedadas e a continuidade das prestacións.

2. Que garanta aos pensionistas de Venezuela residentes en Galicia que cumpran os requisitos esixidos polas normas xerais españolas, o cobro da pensión que lle corresponda, por non ter efectividade os ingresos de Venezuela, de tal xeito que poidan percibir a prestación periódica que proceda en función da súa situación social segundo o previsto na nosa lexislación vixente, adiantándoa de xeito transitorio, ben con carácter consolidable ou con carácter reintegrable, ata que o Goberno de Venezuela volva regularizar o pago das súas pensións.

14. EXPEDIENTE URXENCIA Nº 3565/2017 RENUNCIA DE Dª KATIA PROCINO TOIMIL AO CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE LALÍN.

O Sr. Secretario, a petición da Alcaldía, deu conta do escrito de Dª. Katia Margaret Procino Toimil, concelleira do grupo municipal Compromiso por Lalín-Concellos Transparentes (CXG-CCTT), presentado o día 27 de xullo de 2017, con rexistro de entrada do mesmo día e nº 5701, no que por motivos persoais e laborais presenta a súa RENUNCIA ao cargo de concelleiro do Concello de Lalín, rogando que se dea o curso legal na primeira sesión plenaria. En principio está é unha sesión ordinaria se a queren meter ten que haber 11 votos.

Sometida a votación ordinaria a moción de urxencia, mediante o sistema de man alzada, aprobouse a urxencia por **UNANIMIDADE** dos asistentes presentes (20 concelleiros dos distintos grupos municipais)

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Unanimidade

D. Xosé Crespo Iglesias: Que se está preguntando?. Iso non é decisión dela?.

O Secretario: O artigo 9 do ROF din que ten que darse conta ao Pleno

D. Xosé Crespo Iglesias: A urxencia votamos a favor.

O Secretario: Aquí so hai que votar a urxencia.

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes presentes (20 concelleiros dos distintos grupos municipais) acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF, aprobado por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

Tras ler o escrito polo Sr. Secretario, o Pleno do Concello por **UNANIMIDADE** dos asistentes tomou nota da renuncia de dita concelleira ao referido cargo público neste Concello de Lalín, aceptouna, dispoñendo que se realicen os trámites oportunos ante do órgano correspondente, para que sexa cuberto devandito cargo público o máis axiña posible.

15. MOCIÓN DE URXENCIA. A CARENCIA DE SINALIZACIÓN DO CORPIÑO.

Deuse conta da moción de urxencia presentada polo concelleiro non adscrito na presente sesión.

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes presentes (20 concelleiros dos distintos grupos municipais) acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF, aprobado por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

D. Juan José Cruz García: Xustificou a urxencia porque nas negociacións que fixemos entre tódalas partes, mesmo con xente de fóra do Concello, estiven esperando por propostas do pedáneo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ao pedáneo déuselle contabilizado.

D. Juan José Cruz García: De acordo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non lle dou maior importancia. Si é certo que cando negociamos este tema quedamos despois que ti quedaras en que ías falar con máis xente, de volver falar todo para darlle o ok para que a moción fose presentada dun xeito consensuado. Non foi o caso; estas presentándoa por urxencia e non consensuamos estes puntos. Eu creo que non é no que quedamos.

D. Juan José Cruz García: Contigo non, pero podémolo consensuar agora aquí.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non teño problema, pero eu estou falando de seriedade nas negociacións. Porque se lle fago isto, o PP diríanos que os estamos enganando.

D. Juan José Cruz García: Que teño que facer eu, chamarte? ou que ti me envías a túa proposta a maiores?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, estes días que tivemos contacto, co que me digas voute mandar as propostas a ver que os parecen.

D. Juan José Cruz García: Asumo ese erro.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É como mínimo nunha negociación.

D. Juan José Cruz García: Asumo ese erro.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Insisto se eu lle fago iso, o PP vai a dicir

que os enganamos.

D. Juan José Cruz García: Asumo ese erro, pero creo que estaba claro que se podían enviar as proposta e ti aceptabas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu aceptei o que acordamos.

D. Juan José Cruz García: Aquí non hai ningunha proposta máis da que acordamos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se ao PP lle parece ben, non teño problema. Pero en que quedaremos?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Efectivamente habíamos quedado en iso, como di vostede; pero tamén o que falamos está aquí, se o podemos adiantar un mes?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é unha cuestión de contido é unha cuestión de forma porque si eu o fago ti dirías que estou enganando.

D. Juan José Cruz García: Revisádea, están os acordos e as propostas que fixo o rector do Santuario, se queredes pasámolas a ler pero creo que non se me esquece nada.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Adiante. Estamos de acordo, ademais.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estamos de acordo.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Agradezo a urxencia que tivo a reunión, porque tras tres semanas do Pleno, convocóusenos ás doce da noite o día previo. Tiña pensado convocar ao párroco que estaba presente? Ou foi casualidade que el se dirixiu a vostede ese día?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Foi casualidade que veu falar comigo e dixo: podeste quedar á reunión que vamos ter.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Eu pedín persoalmente que quería estar nesa reunión. Me gustaría saber cal foi a urxencia tras tres semanas, sabendo que eu non estaba, e sen convidar ao Alcalde de Barrio e avisándonos ás doce da noite o día previo. Gústariame saber cal foi a urxencia?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ás doce da noite eu creo que non é certo porque o dixeran á xefa de gabinete en horas de traballo; *Sr. Crespo:* se estou dicindo o contrario, rectifíqueme. Si é certo o do pedáneo; pero tan pronto como acabou a reunión, informeille de todo.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Que conste que contaba con vir e quería vir.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo que ten a razón. Eu cando lle dea a razón, se é posible, non me rebata. Informeille tan pronto como saín da reunión. O cura veu a falar doutros tema comigo. Tampouco ten que estar buscando o lado escuro das cousas, porque neste caso asegúrolle que había a mellor intención de chegar a un acordo. Non era nada contra vostede que non estivera... De feito o día que lle felicitei pola súa voda, que por certo puxo unha cara rara foi o día que me enterei que se ía casar e non sabía que vostede non ía estar. Non había ningún tipo de mala fe nese sentido.

D^a. Eva María Montoto Méndez: A cara que lle puxen e porque fora deste Pleno non me dirixo a vostede. Entón estrañoume que me fixera unha felicitación persoal.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Parecía unha cortesía como membro do Pleno.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Simplemente engadir que creo que non está na moción e

para que vaia máis explícito: que os panfletos que se poñan tanto na caseta de turismo coma no concello.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que si está.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: De acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu felicito a Juan José Cruz por poñernos de acordo que non é fácil; ata nos invitou a ir ó Vaticano.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ti cala, que querías que fora contigo a Hungría e non me chamaste finalmente.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu simplemente que nos poñamos todos de acordo porque O Corpiño é un tema moi importante, non só polo turismo e dos cartos que poden quedar en Lalín, senón porque iso tamén vale para poñernos no mapa. Quero aproveitar para felicitar a Juan José e ó cura párroco do Corpiño, porque ten moito mérito esa labor un pouco xorda. El mesmo dixo que pensaba que non llo ían conceder.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu fixeno publicamente. O cura do Corpiño dixérame que non contaba con tanta xente. Eu si que creo que estou a piques de conseguir a indulxencia plenaria, porque me dixeron que era un acto de media hora e foi dúas horas e media, da cal vostede se escaqueou.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede debería saber que eu me casei o 25 de xullo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Desculpe. Aparte íalle dicir en plan broma que a está un pouco afastado do camiño do Señor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cantos concelleiros do PP foron?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pido desculpas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos falando coloquial sen máis problemas.

Sometida a moción a votación ordinaria, mediante os sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE dos asistentes**, dos que catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE**, a moción e a emenda, adoptando o seguinte acordo:

Hai un grave problema referente á **carencia de sinalización que ten o Santuario do Corpiño**, situado na parroquia de Santa Baia de Losón de este concello.

Na actualidade só existen tres sinais de sinalización viaria que indiquen como chegar ao Santuario e dúas delas, ademais de estar moi pretas do santuario (unha só 300 metros), atópanse en moi mal estado de conservación, non se len por estar moi deterioradas, son moi antigas e non posúen a cor propia de monumentos (morada).

Como centro turístico relixioso, é un dos lugares máis aclamados de Galicia e cada vez con maior impacto mediático, chegando cada día a maior cantidade de persoas, pero o principal problema é que moitas delas non saben como chegar, pérdense, dan voltas, preguntan... facéndose así moi difícil poder visitar o santuario, e creando así mala imaxe para o Concello de Lalín.

A pasada fin de semana celebrouse a Romaría da Virxe do Corpiño e cantidade de persoas que se acercaron a participar nela, botaron en falta a adecuada sinalización para un Santuario que congrega a tal cantidade de persoas, e transmitiron reiteradas críticas por a sinalización deficiente e por chegar tarde ás celebracións por estar dando voltas perdidos pola zona.

É preciso, dotar tamén dunha zona peonil á carretera Prado-Bodaño. Cada vez son máis as persoas que fan este traxecto a pé e esta carretera carece absolutamente de arcén, polo que resulta moi perigosa para os viandantes e podería haber un accidente grave en calquera momento.

Prevese un aumento moi considerable de visitas no Ano Santo Xubilar Mariano que acaba de facerse público (24 xuño 2017 ó 24 xuño 2018). Así como a Coronación Pontificia concedida polo Papa Francisco para o 24 de xuño de 2018.

Por todo isto, e a causa da multitude de xente que visitará o noso Concello, sería bo dar a mellor imaxe posible e proporcionar a tódolos visitantes e turistas as máximas indicacións para chegar ó Corpiño

Xa que logo o Pleno **ACORDOU:**

Que a próxima modificación de crédito extraordinaria se adique a incrementar as sinalizacións (ao Santuario do Corpiño) para promocionar o lugar como zona turística relixiosa importante que é para toda persoa que trate de chegar a el, ou a aquel, que estando de paso descoñeza o lugar e que lle poida interesar.

Solicito aumentar as sinalizacións en todos os puntos xeográficos posibles, tanto de Lalín como nos concellos limítrofes, autopista... que satisfagan esta carencia facilitando así a localización e aumentando a promoción económica e turística da zona.

Instar ás diferentes administracións implicadas e posibles colaboradoras tanto nas demandas anteriores como na dotación de zona peonil da carretera Prado-Bodaño.

Segundo o exemplo de outros concellos que este ano tamén teñen Ano Xubilar (como Caravaca de la Cruz e Santo Toribio de Liébana) incluír na páxina web do Concello unha ligazón á páxina web do Santuario do Corpiño e ás súas redes sociais, así como ampliar información en todas as publicacións do Concello das actividades referentes ó Ano Santo Mariano.

Propoñer nas feiras e festas do Concello (Cocido, Cabalo, etc) a visita ó Santuario con publicidade e informando da Concesión de Ano Santo e Coronación Pontificia, tamén nas feiras de Turismo ás que acuda o Concello, facilitando a información e folletos desde o Concello e dende a caseta de turismo.

Promover e sinalizar a Ruta de Sendeirismo desde Lalín ó Santuario do Corpiño (o 27 de agosto terá lugar a III Peregrinación ó Santuario dende os Concellos de Lalín, Silleda e Vila de Cruces). Os anos anteriores esta peregrinación a pé con saída desde a Praza da Igrexa de Lalín congregou a centos de persoas e cada ano ten máis afluencia.

Organizar algunhas actividades para nenos, xente maior, xogos tradicionais, oficios antigos, concertos de música tradicional, obras de teatro, danza, etc nas inmediacións do Santuario, que dispón dunha ampla carballeira idónea para estas actividades.

Promocionar o Santuario como lugar de destino turístico do interior de Galicia.

16. MOCIÓN DE URXENCIA: TELÉFONO MÓBIL

Deuse conta da moción de urxencia presentada polo concelleiro non adscrito na presente sesión.

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes presentes (20 concelleiros dos distintos grupos municipais) acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF, aprobado por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta das circunstancias que concorren no caso.

D. Juan José Cruz García: É un tema que estivo na prensa, pero que eu penso que é un tema que non ten importancia. Inténtase buscar calquera problema que teña o concelleiro non adscrito para facer a vosa campaña de desprestixio. Eu fun tamén dándolle xogo, como dis ti, a ese xogo político como considere oportuno. Agora si creo que hai que dar unha solución técnica. Hai cousas que non vou aceptar. Non vou a entregar o móbil. Se queredes que o entregue, terá que ser diante dun xuíz. Se non hai unha serie de propostas que eu fago para que se tedes a ben.... É de fácil solución.

Todo se resumen que hai unha serie de irregularidades e ilegalidades dentro deste Concello. Os informes están para ler cando apetece. Cando non apetece, non se len. O tema sendo tan rebuscado como é, que ao mellor interesa vender: que e eu son un pesetero... Todo o contrario porque eu sempre considereime unha persoa altruista. No seu momento pedín este *iphone*. Supoño que vostedes lle dades a importancia como no Congreso que se xogo coa marca publicitaria. A min dunha marca ou outra dáme igual, porque o teléfono persoal é da mesma marca e traballo con esta empresa. Se o fago é porque confío na súa fiabilidade. Nestas cousas o máis fiable para a recuperación de datos son os técnicos e o meu asesor e avogado dinme que existe a posibilidade de recuperar certas conversas. Obviamente, hai xente que me está axudando.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sobre cincuenta, creo que son.

D. Juan José Cruz García: Xente que faino probablemente por unha inxustiza que viviron eles para coa miña persoa. A intimidade de toda esa xente teño que salvagardala porque teñen familias por detrás, que teñen intereses.....

Non todo o mundo ten que estar neste fogo cruzado que se abriu fai un ano cara a miña persoa. Só por esa intimidade de calquera persoa que puido falar comigo a través de este teléfono, eu síntome na obriga de tomar certas decisións.

Neste tempo o que se connota é que APAC e BNG teñen que rascar. A min pouco me preocupa que están os dous xuntos no grupo mixto ou que non estean, porque sei que estas irregularidades as hai noutras sitios, pero que me veñan a min de altruísmo ou que queirades a poñerme unha etiqueta de persoa interesada, non. Pola tanto, haberá que chegar a unha negociación. Eu non teño problema en deixar todo como está e en deixar a liña telefónica. Agora: hai xente que ten o meu teléfono. Non sei se me gustaría que o tiveses. Síntome moi presionado.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se queres estar en política, tes que estar as vinte e catro horas.

D. Juan José Cruz García: Sabes o impedimento que temos as persoas que nos temos que levantar ós nosos traballos: que non podemos atender o móbil. Iso é marcharse do fío da cuestión. Eu non teño problema ningún en coller un móbil cunha garantía dun ano. Collo e entrégolles o móbil comprado cos meus cartos. Vós recortades en dereitos. Vós mesmos dixestes que os técnicos fixeron un informe e logo outro. Ata os técnicos pódense equivocar, non *Sr. Secretario?* Creo que podedes tramitar estabilidade. Vós cos 360€ que me debedes hipoteticamente, collemos e compramos un móbil e entrego ese móbil. Se non pode ser iso, comprareino cos meus 360€. Obviamente non me puido fiar dos gobernantes do Concello, porque se espiron unhas cámaras sen consentimento..... Ademais a lei di que probablemente un xuíz mandara a destrución dese móbil. Eu, se quixese, podería chegar aquí cun martelo e romper o móbil e dicir: agora lévame a un xuízo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Todos os días falando de xuízos.

D. Juan José Cruz García: É así; eu teño que salvagardar a intimidade.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Somos políticos. Eu non xudicializo.

D. Juan José Cruz García: Mentira.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por que?.

D. Juan José Cruz García: Ti estiveches xudicializado e eu teño xudicializado.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, a min xudicializáronme.

D. Juan José Cruz García: Cantas veces o anunciaches con respecto á miña persoa?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nunca o fixen.

D. Juan José Cruz García: Interesa moito sacar titulares: "A Juan José ímolo levar a xuízos". Sabes o que me dixo o meu cuñado: é mellor que compres un piso ao lado do xuíz.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vas vivir ao lado de Tomás e non creo que lle faga moita graza.

D. Juan José Cruz García: O problema de Tomás e seu; solucionarémoslo nós.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O Sr. Secretario quere falar.

O Secretario: Acabo de ver agora moi por enriba o contido da moción. Na súa parte dispositiva ven propoñer que, en vez de o móbil que se entregou no seu día, entregue outro de similares características. Eu creo que a moción en caso de ser aprobada, non impediría que a Alcaldía como Presidente da Administración poda instar a devolución do aparato inicial. Hai un informe de asesoría xurídica nese sentido. O tema fundamental é nomear un responsable do ficheiro, un encargado do tratamento dos datos e a garantía da obtención deses datos que se obteñan. Acabo de ver agora a moción que non a tiña e paréceme un pouco raro todo isto.

D. Juan José Cruz García: Vaia por diante que eu non vou devolver o móbil. Se hai solución técnica para que se habilite..... Eu ademais estou disposto a pagar o móbil. Os cartos que se me adebedan dende hai tempo dámoslos a Cáritas ou a quen queirades, ou a calquera asociación benéfica de Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sobre esta moción que presenta Juan José. Ao marxe da urxencia, é preocupante. Hai cousas que cadran pouco. Pídeselle que devolva o móbil que leva case un ano coa liña cortada. Obxectar que devolva un móbil usado dous anos, para darlle un novo. Eu creo: onde está a ganancia do Concello? Eu creo que, se reclaman o móbil vello e se lle dea un novo, para o Concello é prexudicial, dende o meu punto de vista. Pérdese o tempo encargando ao asesor xurídico, permítame a suspicacia, de facer un informe por estas cousas menores e sen embargo sexan capaces de podar unha árbore de máis de cincocentos anos sen ningún tipo de informe.

Para o que queren piden informe. Para o que non queren non o piden. Logo, preocúpame, porque eu cando falei con Juan José a semana pasada e comenteille de que non imos levar ningunha moción por urxencia, el me dixo que non lle dera tempo. Agora presenta dúas mocións e faloume desta moción por enriba. Entón sorprendeume cando eu pregunteille: pero logo tes medo que ten escaneen o móbil? E mandoume un correo que deixoume preocupado. É mais, eu creo que temos que sentarnos a corporación e mirar estes temas. Obviamente, eu non son experto da materia, mais ben o contrario. Eu loxicamente non sería quen de discutir con Tomás, pero vexo como recuperar arquivos borrados en calquera dispositivo. Cando leo un artigo no xornal 20 minutos e despois vexo outro no País, Mundo ou ABC, non recordo, que é posible recuperalos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ata aí poderíamos chegar. Que o deixe nos servizos xurídicos ou consignados na Policía, se quere. Ninguén do goberno ten interese en

tocar iso. Non me veña que hai posibilidades de recuperar datos, como si ao mellor foramos a facelo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non digo que o vaian facer.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se nos poideramos facer iso, Dios mío, aquí ardía Troya. Se nos puxéramos a recuperar cousas, que nunca o fixemos, ao mellor ardía Troya.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu entreguei o meu móbil e despois déronme.....

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Córtate un pouco.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu estou preocupado con isto, pero non de vostede. Eu estou preocupado de que nos móbiles que son corporativos se poida recuperar a memoria. Iso creo que nos afecta a todos.

D. Nicolás González Casares: Crespo: non só é que poidan recuperar datos, senón que poden estar espiándote o móbil agora.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero non estou falando diso. Estou dicindo que un móbil corporativo ti devolveo e un experto pode recuperar os datos, se non o borraches ben.

D. Nicolás González Casares: Os borrados o PP o facedes ben.

D. Xosé Crespo Iglesias: Serás mellor ti. Eu son un analfabeto funcional.

D. Nicolás González Casares: No PP tedes expertos se non un martelo.

D. Xosé Crespo Iglesias: O final vai haber que buscar unha solución, porque un móbil corporativo que ten cousas persoais que cando hai que devolveos..., quen protexe ese datos?. Eu non vos estou acusando de nada, simplemente estou dicindo que eu creo que no outro caso hai que tomar un acordo, que cada un abone o valor residual e que se quede co móbil. Eu indemnizarei co que faia falta, pero eu non devolvo o móbil corporativo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podemos facer unha terceira vía; perdino.

D. Xosé Crespo Iglesias: Resumindo sobre a moción de Juan José e o feito de que a devolución por parte del dun móbil de similares características. Outra solución tamén é esa: comprar un móbil igual, é dicir, o número que utilizemos, quedámonos con el. Así o Concello non ten perdas. Sr Secretario non ten porque haber problema ningún. Eu teño un móbil do Concello e se dou outro exactamente igual?.

O Secretario: Iso non impediría que a Alcaldía quixera recuperar ese terminal.

D. Xosé Crespo Iglesias: O terminal de información?.

O Secretario: Estou dicindo que é unha opción. Esta moción pódese aprobar, pero iso non impediría, se o grupo de goberno ou alcaldía quere, tramitar un expediente de recuperación. Hai un informe favorable nese sentido para que poidan tramitar a devolución.

D. Juan José Cruz García: Eu non vou entregar ata que un xuíz o diga.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pode haber os informes que se queiran; pero non ten lóxica. Con respecto á devolución. Que o concelleiro non adscrito faga o que queira. Se el prefire así, eu non teño nada que obxectar. En canto á liña, eu non vexo problema.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ninguén se negou a iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quen encargou a Salvador o informe?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O goberno.

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Hai uns prezos de telefonía de vostedes, que nós intentamos mellorar. Establécense dúas clases de tipos de teléfonos: uns de mellor calidade e outros máis baixa.

No seu goberno os tiñan vostedes e prestáballes unha liña á oposición. A maiores do teléfono ten un pincho USB porque necesitaba ter Internet para desenvolver labores do goberno.

Juan José deixa de forma parte do goberno unha vez que pasa a oposición ou ao grupo mixto como se queira chamar.

Eu indícolle que devolva o USB e o teléfono e que se lle dará a mesma liña cun móbil de similares características. Este móbil que teño aquí pode ter características superiores ó *iphone*, sen embargo, custa a metade. Eu se teño que mirar polo ben do Concello, terei que requirir o mesmo polo prezo prezo. Aquí estase buscando a cousa que espíar.

Se queren espíar os colaboradores. igual que viron esa noticia en prensa, poden buscar o do terrorista de San Bernardino ou noticias relacionadas co *iphone* de Diana Quer.

Que pasa cos *iphones*? Para desbloquealos, tanto o FBI, no caso de San Bernardino, como a Policía do Estado no caso de Diana Quer, tiveron que botar man dunha empresa israelí para poder entrar nese móbil. No caso do FBI chegou a pagar 900.000\$ ou máis. Para que vexa a dificultade!.

Datos seguros non hai en ningures, porque podes ter un software espía e xa te están entrando. No que está traballando o equipo de informática da casa é o que estou vendo eu e para que iso non ocorra.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cal é o seu custe?.

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Un *iphone* 6 aínda que estea reacondicionado pode estar por enriba dos 400€. Aquí hai un tema de dispositivos de cupertino; se paga o feito de que teña unha mazá. Iso ten un custe. Eu prefiro outro tipo de dispositivos. Eu son doutra política e non quero pagar por determinadas marcas. Son dispositivos moi bos pero a maiores sempre se está pagando unha marca e ese valor o Concello tivo que poñelo. Entón non se vai a perder esa cantidade, así porque así. O entregase un móbil idéntico; perfecto. Pero eu penso que é unha tontería porque se está intentando aos informáticos desta casa e a min como que estamos espíando. Creo que o de estes días na prensa foi algo bastante lamentable.

Eu estiven traballando noutra administración e trataba datos máis delicados dos que poder haber en calquera dos teléfonos que poder haber aquí e como profesional a min oféndeme moitísimo o que se estivo dicindo estes días na prensa, porque o ten como que un é un delincuente e aquí non se fixo nada. É mais, membros do seu partido tenme deixado os seus teléfonos. Eu penso que non pasou nada. Isto é unha tontería. O primeiro día dábase de baixa o USB e o móbil e xa estaba.

D. Xosé Crespo Iglesias: Son partidario de pagar e quedarse co mesmo..

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Facturamos por unhas liñas que temos contratadas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pagarase unha parte, non hai consumo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quen dixo que non? Si, ten dereito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nós dicimos que lle damos outra liña, sen problema.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se non se usa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podémolo trasladar ós ordenadores e a martillazos cos discos duros.

D. Nicolás González Casares: Todo o que está no ordenador do Concello pode ser visto.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Os correos non.

D. Tomás Vilariño Fidalgo: En seguridade informática o que se trata é de poñer o maior número de trabas, para que o esforzo que se faga non lle compense á xente. Unha vez que se formatea de fábrica o *iphone*, pódese coller esas ferramentas que sirven para recuperar ficheiros cando non se fai un borrado de fabrica. Se non ten esa seguridade, unha vez que está borrado de fábrica, utiliza esas ferramentas e si recupera algo, fai varios borrados ata que non recupera nada.
Para que hai persoal informático no Concello?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O tema está claro.

D. Juan José Cruz García: A defensa do goberno desta moción podía-la facer ti. Es ti o responsable da custodia?. Eu contra ti non teño nada. De feito poría o móbil nas túas mans, pero non o vou facer. Os cartos para nin é o de menos e o pincho USB e dun plástico que creo que custan 2€. A min dáme igual ter un Audi, Mercedes... pero trátase de moitas cousas que poder intervir na intimidade de moita xente. APAC e BNG: imos solucionar algo? Que visión lle dades a esa devolución das asignacións? A min os cartos dáme igual.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa lle dixemos que o tema das retribucións non pode ser retroactivo. Podémoslle por en esperanto, se quere. Hai un informe que din que non ten que ser retroactivo.

D. Juan José Cruz García: Eu como vou entregar un móbil. Aquí o xudicializado son eu. Eu falei cun avogado e con xente. Hai declaracións; aí hai cousas que se van a ensinar diante dun xuíz. Aí non hai só estratexias, senón que xa está feita a propia declaración e propostas de declaracións. Eu non vou darlle a opción a ninguén de saber a miña estratexia nun xuízo, no que si creo que teño toda a razón para que vós os vaiades adelantando.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que quere dicir e que nós colleríamos os datos para darllos aos señores que te denunciaron?.

D. Juan José Cruz García: Eu non sei.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É o que estas querendo deixar caer?.

D. Juan José Cruz García: Eu non me fío. Se mirastes unhas cámaras... É imposible falar.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se cres que síntome cohibido por ti, dáme a risa. Segue falando.

D. Juan José Cruz García: Eu non sei.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podes dicir calquera animalada.

D. Juan José Cruz García: Ti non míraste o meu teléfono?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero: que dis?.

D. Juan José Cruz García: Miraches o meu teléfono?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cando?.

D. Juan José Cruz García: Tiveches o meu teléfono nas túas mans?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sen o teu consentimento?.

D. Juan José Cruz García: Responde.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle contestando, sen consentimento teu?.

D. Juan José Cruz García: E xa dillo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Mentira. Pero que te cres; que te vamos a consentir que digas calquera burrada do goberno?. Xa sei que non tes moita credibilidade, pero eu non quero que nadie pense....

D. Juan José Cruz García: Ti miraches teléfonos de militantes e simpatizantes de Compromiso por Lalín. Si ou non?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sen o seu consentimento?. Non.

D. Juan José Cruz García: Xa tiñas o Pleno tranquilo e agora vaite a casa a durmir.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Voume a casa de vacacións.

D. Juan José Cruz García: Miraches os seus teléfonos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sen o seu consentimento? Hai que ser sirvengonzas. Que listo é.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que pido e sensatez neste tema. Se o pincho custa 2€...

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Son 2€ que non se teñen que perder.

D. Xosé Crespo Iglesias: Darlle un móbil e deixarlle o que ten. Cal é a diferenza? Non sei como facedes guerra deste asunto?. Prexudícalos.

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Son 2 € que ten que perder o Concello?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por favor.

D. Juan José Cruz García: Alucino que se defenda que hai que devolver 2€, cando a mesma lei di que se ten que destruír.

D. Tomás Vilariño Fidalgo: Unha cousa son as cousas dunha empresa e ou dunha administración. Aos que estivemos traballando en empresas privadas e administracións se nos ten deixado teléfonos, tabletas, ordenadores... e non son nosos; son da empresa, porque o papel que se os dou para firmar poñía cesión en uso.

D. Juan José Cruz García: Tomás: falsificouse firmas, visionáronse cámaras. Eu non podo poñer en risco á xente. Eu non o vou devolver. Antes de iso rompo cunha maza.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entendo que o PP vai apoiar esta especie de moción. Por certo por urxencia: se está vostede de vacacións e con cincuenta asesores, xa o podía presentar en tempo e forma.

D. Juan José Cruz García: Xa lle dixen que a vostede gústalle moito o xogo político e eu coa prensa non dou xogado doutra maneira que chegar aquí e temporalizar os meus argumentos como eu quero. Ó final o que interesa son os 360€; Juan José é un pesetero.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Para saír na prensa que presente estas

cousas por urxencia.

D. Juan José Cruz García: É para desmontar algún titular que sae na prensa. Eu respecto a quen me respecta e con tres medios eu falei de ti a ti. Pero eu mando unha moción con moitos argumentos e só poñen 360€. Se algún medio de comunicación se sentiu ofendido por iso, eu podo dicir a miña opinión.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É lamentable que utilice o Pleno para atacar á prensa.

D. Juan José Cruz García: Non utilizo o Pleno para nada; utilízoo para poñer as cousas no seu sitio.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fin do tema.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) sendo dez (10) do PP sendo e un (1) concelleiro non adscrito

Votos en contra: nove (9) do grupo de goberno dos que catro (4) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/a do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG

Abstencións: ningunha

Xa que logo, aprobouse a moción e adoptouse o seguinte acordo:

ATENCIÓN...ESTES DÍAS PASADOS ANUNCIARON A BOMBO E PLATILLO OUTRO TEMA TRASCENDENTAL PARA LALÍN (xa case era de deixar morrer o conto).

Á vista do empeño que o des-goberno de Lalín pon en que devolva o móbil que me corresponde como concelleiro e a repercusión que lle dan a esta noticia trascendental para Lalín por riba de outras que se omitiron moitísimo máis importantes pero que eran contrarias ós intereses de Cuiña, tomei a decisión de darlles unha satisfacción. Vou entregar un móbil, de similares características que o que me deron a min. Con esta medida o desgobierno terá un móbil con garantía, eu asegúrome que non anden remexendo no móbil, seguro o anonimato e a intimidade do meu círculo de colaboradores etc e a prensa poderá poñer en titulares que eu cumprín pero BNG e APAC non devolveron un céntimo das asignacións como grupos que cobraron sen respaldo legal. Porque a min dame a sensación de que un móbil antigo e que non funciona (porque me retiraron a línea fai un ano), ó que ademais teño dereito, é máis importante que o feito de que dous partidos de Lalín cobraran cartos por algo que non lles pertence por lei. A ver se a prensa investiga e da publicidade a este feito como se merece. Vou reclamar que BNG e APAC devolvan ata o último céntimo do que cobraron como grupos fóra da lei. E vou reclamar que se me abonen os gastos da liña telefónica á que teño dereito como concelleiro (igual que todos os demais concelleiros), xa dixen fai tempo que o non adscrito non pode mellorar as súas condicións pero si manter as que tiña, retirouseme cando me fun do goberno. De facer xustiza, creo que debe facerse con todos. Sinto chafarlle ó invento pero no meu móbil non remexe ninguén. Antes si, agora non, repito antes si, agora non me deixo. *Nin me fio de Cuiña nin me da a gana de poñer en risco a miña xente etc, etc.* Se non aceptan está claro que o que queren é remexer no MEU móbil para sacar información. Espero que Cuiña e Nico lles esixan a Lara e Paco que devolvan os cartos coa mesma ansia coa que me esixiron a min que devolvera un móbil fóra de servicio (e que a prensa lle dea á mesma repercusión ao informe que ratifica que BNG e APAC cobraron cantidades do concello sen ter dereito legal...porque iso si que é un auténtico escándalo).

“Cada vez que substituímos cualquier tipo de soporte informático susceptible de contener información (tanto datos personales como otros de valor para la empresa: comerciales, contables, etc...) una de las principales preocupaciones debería ser asegurarse del borrado efectivo de esta información. Sin embargo en muchos casos se borran archivos, se vuelve a formatear el disco o se tiran los discos duros. Borrar datos de un disco duro sólo significa que los archivos se marcan

como desechables, pero sin borrarlos realmente. Reformatear el disco sólo elimina las anotaciones correspondientes de los archivos en el índice o tabla de contenidos”.

“Existen opciones si se quiere recuperar documentos. El sistema de ficheros de iOS tiene un acceso muy restringido y es más difícil de *rootear* que el de Android. Sin embargo, existe un programa de escritorio Dr. Fone iPhone Data Recovery etc, que permite acceder a datos desaparecidos”.

“El artículo 9 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de carácter personal (LOPD), establece en su punto 1 que el responsable del fichero, y, en su caso, el encargado del tratamiento, deberán adoptar las medidas de índole técnica y organizativas necesarias que garanticen la seguridad de los datos de carácter personal y eviten su alteración, pérdida, tratamiento o acceso no autorizado, habida cuenta del estado de la tecnología, la naturaleza de los datos almacenados y los riesgos a que están expuestos, ya provengan de la acción humana o del medio físico o natural”. Imposible confiar neste goberno”.

Define o RLOPD que se atenderá cun NIVEL ALTO de seguridade (entre outros casos máis) a: “Ficheros o tratamentos con datos: de ideoloxía, afiliación sindical, relixión, creencias, orixe racial, saúde ou vida sexual”. Chega a ser valorada a destrución o nivel óptimo de actuación para garantir a protección. E xa non falamos de documentación sensible que poida ser empregada en xuízos... probas físicas, grabacións, conversacións etc, etc...

Fala o RLOPD “CUSTODIA DE SOPORTES En tanto los documentos con datos personales no se encuentren archivados en los dispositivos de almacenamientos indicados en el punto anterior, por estar en proceso de tramitación, las personas que se encuentren a su cargo deberán custodiarlos e impedir el acceso a personas no autorizadas”. Difícil facer confianza neste goberno que foi que de saltarse a lei e facer un visionado das cámaras de seguridade do concello (para o cal non teñan competencias), suplantar a identidade do Conselleiro Alfonso Rueda ou crear unha identidade falsa e unha recollida de firmas falsas no Corpiño. Como me vou fiar de que fagan a custodia sen saltarse a lei.

Xa que logo o Pleno **ACORDOU**:

A devolución por parte do non adscrito dun móbil de similares características que o que me deron sendo parte do goberno ou a destrución do soporte físico citado, que se lle abonan os gastos da liña telefónica á que teño dereito como concelleiro de forma retroactiva desde o mes no que se me retirou a liña telefónica, que lle dea de alta a liña telefónica co número retirado no seu momento.

17. ROGOS E PREGUNTAS

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS:

1ª PREGUNTA: Unha pregunta que lle quero facer ó Alcalde.

No balance de dous anos da Deputación, vostede aparece moi sonriente con Abel Caballero e Lores. Nada que obxectar á foto. Simplemente o que me preocupa é unha cousa. Que Abel Caballero e máis Lores sorriran paréceme ben. Teñen motivos para sorrir. Pero que vostede sorrían, non tanto. E vou dicirlle por que. Eu podo entender que a Deputación queira dar autobombo a súa Presidenta e ao seu partido de que a filosofía da Deputación é a máis acertada ca nunca.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cal é a pregunta?

D. Xosé Crespo Iglesias: A pregunta é: Comparte vostede a filosofía da actual Deputación e da súa Presidenta de que, como hai máis habitantes en Vigo e en Pontevedra, teñen que investir máis? E, ademais, ten o morro de dicir que ten unha débeda histórica.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A resposta a súa pregunta é non.

D. Xosé Crespo Iglesias: A segunda parte da pregunta.

Non cree vostede que esta Deputación ou calquera outra de España, pero especialmente as de Galicia debían ter xustamente a filosofía contraria?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Déixame acabar a pregunta.

Non cree vostede que as deputacións debían ter xustamente a filosofía contraria?.
Voulle recordar algo. No ano 1987 calquera veciño que residía no rural tiña o mesmo dereito os servizos que teñen os que viven nas cidades. Entrou nunha etapa no que o rural tivo moito que dicir, ata hai dous anos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non só estamos de acordo, quérolle dicir unha cousa: sabe que as deputacións veñen das Cortes de Cádiz? Eu ideoloxicamente estou en contra da existencia das deputacións?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu tamén, pero previa fusión dos municipios.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quédame claro que vostedes non apoian a filosofía da Deputación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O dixen publicamente alí.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ten o morro de dicir que a débeda é histórica.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Díxenlle á señora Presidenta da Deputación e a Abel Caballero: Menudo morro tedes os de Vigo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pois paréceme moi ben. Xa está respondida a pregunta.
Nico: paréceme moi ben que escribas no móbil; toma nota para mandar para enriba.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non ten que mandar ningún recado porque xa llo dixen a eles. E dicir que teño unha excelente relación política e persoal con eles.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eses dous alcaldes si teñen que rir coa Deputación.

2ª PREGUNTA.-

D. Xosé Crespo Iglesias: De acordo co cadrante que nos deron da Policía Local, a petición do PP, no pasado mes de xuño a Policía Local unha gran parte das noites estivo cun só dos efectivos de patrulla e un localizable na súa vivenda.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É o acordado na Mesa de Negociación.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cree o Alcalde, como Xefe de Policía que é, que é o xeito máis adecuado para funcionar? Porque eu tiven ese mesmo problema cando había moitas baixas. De noite non pode quedar só un policía. De día algunha vez quedaba; pero de noite non debe quedar un só policía.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É unha pregunta non é unha moción.

Voulle contestar como Xefe de Policía. É un tema acordado en Mesa de Negociación. Esta decisión non é do Alcalde e dunha Mesa de Negociación, con avogados, representantes sindicais...

D. Xosé Crespo Iglesias: Un día cando saía vin só un garda de noite. Agarrei e fixenlle o comentario jocoso: Deixáronche só!

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Insisto que foi nunha mesa de negociación.

D. Xosé Crespo Iglesias: De noite non debe quedar un só. Unha mesa de negociación ten que dirixirse por uns cánones de negociación mínimos de lóxica. Estoulle dicindo que no seu momento decidimos ter nalgunha tanda un policía só; pero de noite sempre dous.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Con vacacións e todo iso non da para ter quendas completos. Por iso faise así. Marchan uns de vacacións; logo volven outros e coas baixas que temos.....é complicado.

D. Xosé Crespo Iglesias: Esa decisión a tomou vostede nunha Mesa de Negociación que houbo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, non a tomei eu. Eu delego nunha mesa de negociación. Eu ratifícoo claramente.

D. Xosé Crespo Iglesias: A Mesa de Negociación acordou, por exemplo, que nos servizos nocturnos o policía marcado co asterisco terá que estar localizable e contará igualmente como servizo nocturno a todos os efectos. Iso quere dicir que cobraría como servizo nocturno. Iso pretendino eu e dixéronme en Intervención que nada de iso.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A min que me dis?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entón agora si?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu que sei. Fale con intervención.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós no seu momento como tiñamos dificultades polas baixas e polas vacacións, intentamos facelo. Eu dixen que a única forma de compensar unha solución era poñer a xente localizable, pero se me dixo dende intervención que laranxas da China. E isto está no cuadrante.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu que teño que ver?. Se Intervención aceptou iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Antes a min non me deixaba pagar e agora a vostede si.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como di vostede: ao mellor teño mellor capacidade de diálogo que vostede. Non sei. Dende logo eu non lle dixen a intervención isto pode ser ou non. Pasouse un informe, e intervención entendo que o ratificou.

D. Xosé Crespo Iglesias: O problema de haber gobernado antes é que cando te poñen pegas por algo e despois o podes facer, fastidia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fastidia, xa o sei. Nós témoslle dito a interventora mil ves isto antes cos outros non o facías.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estráñame que o Xefe da Policía Local cando lle propuxo de ter un só de noite dixera que si.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O Xefe de Policía son eu.

D. Xosé Crespo Iglesias: O Xefe de Policía Local, refírome. Vostede é xefe efectivo pero hai un xefe orgánico da Policía Local e estráñame que lle dixera que si. Sabe por que? Porque eu tiven algún enfrontamento con el por culpa de iso?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa lle digo eu que non lle gustou, efectivamente.

3ª PREGUNTA:

D. Xosé Crespo Iglesias: O sábado 14 o PP pedía explicacións sobre a presunta corta do Centenario do Carballo. Dixen na radio que ía preguntalo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É curioso, porque a min non me escoita ninguén.

D. Xosé Crespo Iglesias: A vostede tamén o escoitan. A min de vez en cando pásanme a gravación de vostede. Pero asegúrolle unha cousa: non sempre a escoito, porque se enrola moito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que me faltaba por oír: díxolle a sartén ó cazo.

D. Xosé Crespo Iglesias: O sábado 14 o PP pedía explicacións pola presunta poda do Carballo Centenario. Dita actuación ten como anécdota que un dos propietarios presentouse onda eu para chamarme a atención por haber mandado cortar esa árbore, feito que se aclarou e que agradezo que o Sr. Medela o deixara medianamente claro con el.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Polo que eu sei, ninguén lle dixo nada de vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu teño testigo. Está o taxista que o trouxo e Antonio Rodríguez.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non digo que non llo dixera, pero que en orixe estou seguro que ninguén lle dixo iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu creo que quedou claro, porque Medela aí lle dixo ó señor que eu non tiña nada que ver. O día 14 sae na prensa: o PP pide explicacións pola poda dun carballo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cal é a pregunta?.

D. Xosé Crespo Iglesias: O goberno nega facer esa actuación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cal é a pregunta?.

D. Xosé Crespo Iglesias: E o día 19 o Alcalde di: é unha cuestión de veciños. Se falou con alguén, sería de feito oral; xa que documentalmente non hai nada. O único que temos son os escritos dos veciños.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Absolutamente certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Dis iso?. Pois mintes. Medela díxome a min que mandara el podar a árbore. Algo non me cadra. O gabinete de prensa da Alcaldía dille á Voz de Galicia que non hai nada. Eu preguntolle ó Alcalde: Que ocorreu para dicir no primeiro momento que o goberno son sabía nada? Eu cando fun á Garda Civil co señor, eu fun falar con Felipe e díxome

que el non lle dixera ao señor Enrique que eu fora o responsable. O pedáneo ensinome os whatsapp que tiña no seu móbil. Díxome: mira levamos loitando por este carballo que esta medio seco por isto, isto.... e podes ver aquí as mensaxes e entre outros había de *Medela*.

Cambiou a versión o Concello de que non tiña que ver nada co tema de que *Medela* mandou cortar por culpa dos whatsapp que mandou?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Saía vostede nesas mensaxes?

D. Xosé Crespo Iglesias: Non.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non sei se *Miguel* quere contestar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Tres días despois veume o pai do pedáneo a darme as grazas entre comillas pola nosa brillante actuación e dígolle eu: e a ti que che parece se te pasara a ti? Pregunteille diante de *Medela* e el respondeume que mandouno cortar el.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nesas mensaxes eu creo que non se falou de ti.

D. Xosé Crespo Iglesias: Veume o pai do pedáneo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dicir sobre o escándalo do carballo podado que falou máis en prensa que do CAR. Vaillle responder *Miguel*. Ao señor ninguén lle falou de vostede. Que vostede e *Antonio Rodríguez* collan a un pedáneo e o leven ao Cuartel para presentar unha denuncia e que logo se vaian sacar fotos co carballo e mandarllas á prensa.....!. Eu creo que os políticos estamos para arranxar os problemas entre veciños, non para acompañalos ao Cuartel a denunciar uns a outros. Sorpréndeme moito todo isto. Eu nunca o faría.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede non viviu a situación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que vostede e *Antonio Rodríguez* acompañaran a un veciño a denunciar a outro! A min paréceme alucinante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede non sabe o que di, porque: como un gabinete de prensa pode dicir que o Concello non ten nada que ver con iso e logo *Medela* me diga diante do pai que foi el quen mandara cortalo? Quen minte aquí?. Alguén minte: ou o gabinete de prensa ou *Medela*. Eu quero pensar que é o gabinete.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Evidentemente foi unha cuestión oral e non había ningún papel. Por iso ao gabinete de prensa non lle constaba, porque preguntou en medioambiente se había algún papel e díxéronlle que non. Por iso non lle constaba.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quen o preguntou?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O gabinete de prensa preguntou se había algún papel dese tema. *Medela*, polo que eu sei, contoulle a realidade. A min o que me parece alucinante é que un político acompañe a un veciño para denunciar a outro. Eu dígolle que nunca o faría. Creo que o que tiña que facer, como Alcalde que foi durante moitos anos, é intentar que entre os dous veciños se poñan de acordo e non que un vaia denunciar ó outro. Esa é a miña opinión.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa que acusa, contéstolle.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non lle acuso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ven un señor onde min e dinme que quen son eu para mandar

cortar a súa árbore. Eu díxenlle que non fora. Preocupábame quen foi e non creo que fora do Concello. Se o fixera o Concello, faríano mellor. Porque eu non digo que non houbera que podalo porque estaba medio seco.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: E cara enriba da casa.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ao marxe diso. Aquí o problema é que eu me entero do problema porque o señor colle un taxi e ven co taxista a min, a reprocharme ese tema. Acto seguido, dígolle que teño interese eu tamén en saber quen foi quen mandou cortar esa árbore e máis que quero ir velo. Dikir que houbo tensión, que ofrecíalle a man e nin ma daba. Non me deu un palazo de milagre. Logo fun falar co pedáneo e pregunteille se el dixéralle iso.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: E era mentira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Fun falar con *Felipe* e foi o que me contou toda a película.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non será un tema de familias que se levan mal?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sí, pero hai seis anos o pai do Alcalde de Barrio veume ver a min por esa árbore.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dáse conta que é un problema de familia.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu díxenlle: déixame informarme. Non sei se esa árbore ten ou non valor.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos en preguntas:

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Mentira!. Preferiches antes ir á Garda Civil que falar co pedáneo e con nós.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non terxiverses as cousas. Eu non preferín ir a Garda Civil.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Antes veu o pedáneo a falar con nós..

D. Xosé Crespo Iglesias: Por iso dixestes no hall que non sabías nada do tema e que o pedáneo te había enganado.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Mentira!. Foise.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu cando veño ese día, atópoche no hall e coméntoche o que me pasou.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que queda claro é que dende o goberno non houbo mala fe e que é un tema de familias que se levan mal.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que vostede queira. Eu se non chega a ser porque o señor se cabrea e colle un taxi para vir falar comigo, esa familia queda mosqueada comigo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Con que quede claro quen foi. Non hai que ir á Garda Civil.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por que o gabinete de prensa di que o Concello non ten nada que ver?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa o expliquei. O gabinete de prensa chamou á Concellería e preguntaron se había algún tipo de papel. Dixéronlle que non.

D. Xosé Crespo Iglesias: A Medela, por que non lle preguntan?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É un tema de medioambiente.

D. Xosé Crespo Iglesias: E antes da nota de prensa non puideron chamar ó pedáneo?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos rematar.

O Secretario: No turno de rogos e preguntas non podemos estar media hora cun debate como se fose unha moción ou unha comparecencia.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu pregúntolle, responde e acabouse, porque o que queren é terxiversar o tema.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Acabemos o tema.

4ª PREGUNTA.-

D. Xosé Crespo Iglesias: Para Medela:

Que ocorreu para dicir nos primeiros momentos o Gabinete de Prensa que o Goberno non sabía nada?. Non tería que ver que o Alcalde de Barrio tivera probas de que o Goberno si había dado orde, como despois se demostrou?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

5ª PREGUNTA: Para a Concelleira Delegada de Medioambiente:

Sabe como foi o asunto? Polo que vexo non o sabe, porque así llo dixo o gabinete de prensa. Pensa facer algunha actuación para normalizar a situación? Ou só lle preocupan os carballos? Xa me entende.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

6ª PREGUNTA:

Por que piden informes xurídicos para que un concelleiro devolva un móbil que temos todos os corporativos e que ten moi pouco valor económico e ningún para saber de quen é a propiedade da árbore, sendo de quen sexa a propiedade municipal? Ou que non se actúe en consecuencia e se poida mandar facer un traballo como é necesario nunha árbore que ten presumiblemente máis de cincocentos anos?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

Dª. PAZ PÉREZ ASOREY:

1ª PREGUNTA:

Dª. Paz Pérez Asorey: En relación a que nos pasados días nas casas de moitas familias usuarias de servizos sociais se recibía unha carta para comunicarlle que se ía proceder ó reparto de alimentos. En relación a esta forma de convocar e de darlle a coñecer as familias, como a valora o concelleiro?.

D. Nicolás González Casares: Foi un erro. A min pasáronma á sinatura electrónica. Dinlle a asinar e saíron todas as cartas. Se o teño que facer fisicamente, non o fago nin de coña!. De feito esa carta non volve a saír de aquí.

No tempo que levo aquí, deben ir como oito entregas. Esta é a primeira vez que se envía esa

carta, a cal me pasaron a asinar e non me din conta, porque nunca firmei unha carta desas previamente. Dinme conta cando onte unha persoa a publicou no facebook, do mesmo xeito que se deu conta Paz e dixeran: Ostras”.

De todos os xeitos non vai volver pasar. Eu non convoco ás familias abaixo na sala de prensa para entregarlles as bases de axudas dos estudos.

D^a. Paz Pérez Asorey: Vostede concelleiro é liña recta na súa xestión; non hai descontinuas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Señora concelleira: faga a pregunta.

D^a. Paz Pérez Asorey: Acabo de facela e acabo de contestar: A evidencia que me acaba de dicir o concelleiro.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo se ten algunha outra pregunta máis para formular. Entendo que non.

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.

1ª PREGUNTA:

Ao Concelleiro que corresponda: Queixábase vostede que Juan José Cruz presentase en cada Pleno varias mocións por vía de urxencia. A que se debe que na sesión da Xunta de Goberno do día haxa nove asuntos na orde do día e trece por vía de urxencia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quen é vostede? Eu?.

Ao Concelleiro que corresponda: Si Juan José Cruz presentaba as mocións Por urxencia con cincuenta asesores. A que se debe que nas Comisións de Goberno veñan oito ou nove puntos fora da orde do día?.

O **Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ

1ª ROGO.

D. Manuel Fernández López: Era para Hermida, pero marchou. Son dúas preguntas por Feiradeza.

D. Nicolás González Casares: Vou desculpar a Hermida que hoxe estaba na escola de gandeira. Hoxe tiña que atender iso.

D. Manuel Fernández López: Non te preocupes. Eu estiven oito anos de concelleiro facendo Feiradeza e sempre invitei oficialmente á oposición.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu xa expliquei isto ao Sr. Crespo.

D. Manuel Fernández López: O Sr. Hermida non o fixo. Non foi de mala fe. É un evento moi importante e non estaría de máis que se invitara a toda a corporación. Logo, no tema das rifas tamén tivemos protestas de xente, porque non recibiron as rifas en tempo e forma. Hai que ter coidado con isto e mandalas o mellor posible. Eu recibina a tempo e na cooperativa tamén se recibiron a tempo. Por tanto, puido darse o caso de xente que me dixeran que as recibiran un ou dous días despois. Hai que ter coidado.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME.

1^a PREGUNTA.

Nos pasados días o PP facíase eco dos toxos que o goberno deixou medrar no patio do Colexio Infantil de Pontañas. Cando o grupo popular protestou, o goberno dixo nos medios que xa tiña previsto arrancalos. Canto tempo permitiron que os nenos e nenas menores de tres anos conviviran cos toxos, cando sabían a situación da existencia deses toxos? Como dixeran vostedes que xa tiñan previsto cortalos?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Isto xa é un cachondeo.

D^a María José Senande Méijome: A min paréceme serio, non un cachondeo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cachondeo é sacarlle a un minitoxo unha foto así.

D^a María José Senande Méijome: Un minitoxo nun neno de dous anos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Rapaza do rural. Tampouco estamos en Burkina Fasso.

D^a María José Senande Méijome: Non é Burkina Fasso, pero é o céspede dunha escola infantil. Hai que telo coidado.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos medilo.

D^a María José Senande Méijome: Non hai que medir. Non hai que esperar a que teña dous metros.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pasa por aí.

D^a María José Senande Méijome: Ata a depuradora si; o resto...

D. Nicolás González Casares: Ti viches que o toxo estaba algo medrado; pero a herba non.

D^a María José Senande Méijome: O toxo hai que arrancalo, non cortalo.

D. Nicolás González Casares: Preocúpame o toxo, porque algún neno pode coller unha baixa longa por un toxo. Iso si que me preocupa!.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ou o típico neno que se tira de cabeza ós toxos?.

D. Nicolás González Casares: Eu creo que tamén hai que facer un pouco de psicoloxía.

D^a María José Senande Méijome: Isto tamén é retranca, non?.

D. Nicolás González Casares: Ese toxo é dunha cuarta.

D^a María José Senande Méijome: Xa vexo que o toman a coña. Se pretende que os toxos os vaian cortar os mestres?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa están cortados.

D^a María José Senande Méijome: E o resto? Porque nalgún colexio si que foi algún mestre a cortalo?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Do mesmo xeito que pasa polo Pontifias ata a depuradora, pasa por alí e o podes ver.

D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ.

1^a PREGUNTA:

Pregunta para o Concelleiro do Rural: Se coñece que a parroquia de Fontecabalos celebra as festas cando as de Sello? Nada mais. Xa sabe o resto.

O **Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

1^o ROGO:

Ao Sr. Alcalde: que nos Plenos deixe de presumir da súa cultura xeral e dos seus coñecementos e que nos agasalle con mostras de respecto. Seguro que *Marisa* ensinoulle algo nas aulas.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Certo. De *Marisa* teño o mellor concepto.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.

1^o ROGO: Que informedes do impacto ambiental que se vai producir no polígono de Catasós e da relación das empresas que están interesadas para comparar o terreo.

O **Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

2^o ROGO: Que sumedes a miña demanda de Catasós e que se pronuncie no tema do carballo de Carrio.

O **Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

3^o ROGO: Que Informedes das parcelas libres que hai actualmente nos polígonos. Podedes informar en prensa e tamén esclarecer en prensa que con esta nova xestión vai ser máis barato o solo que si as empresas quixeran comprar os naves que están baleiras?. Se é máis barato desta maneira ou comprando as novas que están baleiras?.

O **Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

1^a PREGUNTA: Podédesme dar a relación das empresas que están interesadas co seu nome?

O **Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

2^a PREGUNTA: Para Lara e a concelleira de medioambiente: Queremos que nos digan se estivo ben a actuación do carballo do Carrio?.

O **Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quero rematar este Pleno agradecendo o traballo durante dous anos dunha concelleira que hoxe xa non está aquí e que eu quero moito.

Tamén todos os membros do goberno e especialmente os membros de Compromiso. Recoñecer o seu excelente traballo deste dous anos.

E, sendo as trece horas e corenta e catro minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Alcalde levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas